



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN NON SUXEITA A REGULACIÓN HARMONIZADA, MEDIANTE DOCUMENTACIÓN SIMPLIFICADA, DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO NON URXENTE (AMBULATORIO E HOSPITALARIO) E O HOSPITALARIO URXENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA (EXPEDIENTE Nº AB-SER4-16-003)**

**1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN**

- 1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO
- 1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO
- 1.3. PROCEDIMENTO DA ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE
- 1.4. RECURSOS
- 1.5. XURISDICIÓN

**2. ELEMENTOS DO CONTRATO**

- 2.1. OBXECTO DO CONTRATO
- 2.2. VARIANTES
- 2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER
- 2.4. REFERENCIA DO EXPEDIENTE/UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA/PERFIL DO CONTRATANTE
- 2.5. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

**3. PREZO E CONTÍA DO CONTRATO**

- 3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO/ORZAMENTO/PREZO
- 3.2. TARIFAS MÁXIMAS DOS SERVIZOS FÓRA DO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
- 3.3. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO
- 3.4. REVISIÓN DE PREZOS
- 3.5. EXISTENCIA DE CRÉDITO

**4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

- 4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURALS OU XURÍDICAS



**5. LICITACIÓN**

- 5.1. DOCUMENTACIÓN
- 5.2. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN
- 5.3. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A)
- 5.4. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE B)
- 5.5. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C)
- 5.6. PROPOSICIÓN E RETIRADA DESTAS UNHA VEZ PRESENTADAS

**6. ADXUDICACIÓN**

- 6.1. MESA DE CONTRATACIÓN
- 6.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A)
- 6.3. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE B)
- 6.4. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C)
- 6.5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
- 6.6. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN
- 6.7. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

**7. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

**8. EXECUCIÓN DO CONTRATO**

- 8.1. FORMA DE EXECUCIÓN.
- 8.2. INTERVENCIÓN DO SERVIZO
- 8.3. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS
- 8.4. DEREITOS DOS USUARIOS DO SERVIZO
- 8.5. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA (ARTIGO 214 DO TRLCSP)
- 8.6. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E MODIFICACIÓN DO CONTRATO
- 8.7. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN
- 8.8. RESPONSABLE DO CONTRATO E DA SÚA EXECUCIÓN
- 8.9. INSPECCIÓN DO SERVIZO



**9. DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES**

- 9.1. FORMA DE PAGAMENTO E FACTURA ELECTRÓNICA
- 9.2. OBRIGAS EXIXIBLES AO CONTRATISTA
- 9.3. GASTOS EXIXIBLES AO CONTRATISTA
- 9.4. OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS DO CONTRATISTA
- 9.5. SUBROGACIÓN DO PERSOAL
- 9.6. CONFIDENCIALIDADE DE DATOS E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

**10. EXTINCIÓN DO CONTRATO**

- 10.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO
- 10.2. PRAZO DE GARANTÍA
- 10.3. DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA
- 10.4. RESOLUCIÓN DO CONTRATO



**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN NON SUXEITA A REGULACIÓN HARMONIZADA, MEDIANTE DOCUMENTACIÓN SIMPLIFICADA, DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO NON URXENTE (AMBULATORIO E HOSPITALARIO) E O HOSPITALARIO URXENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA (EXPEDIENTE Nº AB-SER4-16-003)**

**1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN**

**1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

1.1.1. O ente contratante considérase Administración Pública, segundo o establecido no artigo 3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Publico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (en adiante TRLCSP).

1.1.2. O órgano de contratación, que actúa no nome do Servizo Galego de Saúde, é a Xerencia do Servizo Galego de Saúde, quen actúa por delegación de competencias mediante o Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 47 de 7 de marzo de 2013) e a Orde de 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG núm. 139 de 20 de xullo de 2012).

1.1.3. Esta contratación, de natureza administrativa, rexeráse polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, as persoas licitadoras (en adiante os licitadores) e, no seu momento, as empresas adxudicatarias. Así mesmo rexeráse polo prego de prescricións técnicas, que regula as características da prestación que é obxecto da contratación, así como a súa execución.

1.1.4. En todo o non previsto nestes estarase ao disposto no TRLCSP, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, no Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, a Lei 14/2013, de 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico, a Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración e polas disposicións de igual ou inferior rango que sexan de aplicación.

Así mesmo, será de aplicación a Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, a Lei 16/2003, de 28 de maio de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia e, o Real Decreto 1030/2006, de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización á normativa sectorial, que regule os servizos obxecto deste contrato, vixente en cada momento e especialmente:

- Lei 16/1987, de 30 de xullo, de ordenación do transporte terrestre e o Real Decreto 1211/1990 que a desenvolve.
- Orde PRE/1435/2013, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de Ordenación dos transportes terrestres, en materia de transporte sanitario por estrada.
- Decreto 52/2015, de 14 de abril, da Consellería de Sanidade polo que se regula o transporte sanitario.



- Real Decreto 836/2012, de 25 de maio, modificado polo Real Decreto 22/2014, do 17 de xaneiro polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada.

1.1.5. En aplicación do artigos 13 do TRLCSP e, dado que se trata dun contrato de xestión de servizos públicos, non estará suxeito a regulación harmonizada.

1.1.6. A empresa acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados. O contrato ou contratos, que resulten do procedemento de adxudicación axustaranse ao contido dos pregos, formando estes parte integrante de cada un deles.

1.1.7. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte deste ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgados pola Administración que poidan ter aplicación á execución de pactado, no eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

## **1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO**

Esta contratación tipifícase como contrato de xestión de servizos públicos conforme ao previsto no artigo 8 do TRLCSP.

## **1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE**

1.3.1. Para a adxudicación desta contratación aplicarase o procedemento aberto conforme ao disposto nos artigos 138 e 157 ao 1671 do TRLCSP.

1.3.2. A tramitación do expediente será ordinaria.

## **1.4. RECURSOS**

1.4.1. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución do contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa. Os ditos acordos poderán ser recorridos potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano de contratación ou ser impugnados directamente no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo que corresponda.

1.4.2. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente, ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

## **1.5. XURISDICIÓN**

1.5.1. A resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción do contrato ou contratos administrativos que puideran derivarse desta contratación será competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

1.5.2. Tamén coñecerá os recursos interpostos contra as resolucións que se diten polos órganos de resolución de recursos previstos no artigo 41 do TRLCSP.



## **2. ELEMENTOS DO CONTRATO**

### **2.1.OBXECTO DO CONTRATO**

2.1.1. O obxecto desta contratación é a prestación de servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e do transporte hospitalario urxente polo Servizo Galego de Saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1.2. O servizo efectuarase conforme as condicións que figuran neste prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas, os cales terán carácter contractual.

2.1.3. A licitación deste procedemento, con base no estipulado no artigo 86 do TRLCSP fraccionarase en 7 lotes correspondentes a cada unha das Estruturas Organizativa de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde e que se detallan deseguido:

**Lote 1** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña.

**Lote 2** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.

**Lote 3** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

**Lote 4** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

**Lote 5** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

**Lote 6** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo.

**Lote 7** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra-Salnés.

2.1.4. Nomenclatura:

CPA: 869014

CPV: 85143000-3

### **2.2. VARIANTES**

Non se admite a presentación de variantes

### **2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER**

Con esta contratación preténdese garantir a prestación de servizos de transporte sanitario aos pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde que deberá ser accesible ás



persoas con discapacidade, cuxa situación lles impida desprazarse nos medios ordinarios de transporte, ao non dispor o Servizo Galego de Saúde de medios propios para a súa prestación.

## 2.4. REFERENCIA DO EXPEDIENTE / UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA / PERFIL DO CONTRATANTE

Referencia do expediente: AB-SER4-16-003

Unidade administrativa xestora: Servizo de Xestión de Concertos e Recursos Propios (Subdirección Xeral de Orzamentos - Dirección Xeral de Recursos Económicos. Edificio Administrativo San Lázaro s/n, 15781 - Santiago de Compostela. Fax 881 542 762).

Para consultas relacionadas co expediente: [orzamentos.ssc@sergas.es](mailto:orzamentos.ssc@sergas.es)

Perfil do contratante: [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

Plataforma de contratación pública de Galicia: [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)

## 2.5. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

O concerto entrará en vigor na data indicada no documento contractual unha vez formalizado, por unha duración de catro anos e a prestación dos servizos iniciárase a partires das 00:00 horas da data establecida no documento contractual de inicio.

O concerto poderá ser obxecto de prórroga, por períodos anuais, por mutuo acordo das partes, e formalizada antes do remate daquel, por un período máximo de 10 ano, incluído o período inicial.

## 3. PREZO E CONTÍA DO CONTRATO

### 3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO/ ORZAMENTO/PREZO

3.1.1. O valor estimado do contrato é de **238.456.636,80 €**, no que tamén se inclúen as prórrogas previstas e as modificacións contractuais que suporán un máximo do 20% do prezo do contrato.

3.1.2. O orzamento máximo de licitación é de **79.485.545,60 €** Este importe ten incorporado a cantidade estimada do 5% correspondente aos obxectivos de calidade.

3.1.3. A desagregación prevista por anualidades orzamentarias é a seguinte:

**Lote 1** : Servizos de transporte sanitario non urgente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urgente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña.

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO DENTRO CCAA	ORZAMENTO FÓRA CCAA	TOTAL
2016	1501 412A 25501	952.123,83	6.073,33	958.197,16
2017	1501 412A 25501	2.856.371,48	18.220,00	2.874.591,48
2018	1501 412A 25501	2.856.371,48	18.220,00	2.874.591,48



2019	1501 412A 25501	2.856.371,48	18.220,00	2.874.591,48
2020	1501 412A 25501	1.904.247,65	12.146,67	1.916.394,32
<b>TOTAL</b>		<b>11.425.485,92</b>	<b>72.880,00</b>	<b>11.498.365,92</b>

**Lote 2** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO DENTRO CCAA	ORZAMENTO FÓRA CCAA	TOTAL
2016	1505 412A 25501	528.037,15	2.105,67	530.142,81
2017	1505 412A 25501	1.584.111,44	6.317,00	1.590.428,44
2018	1505 412A 25501	1.584.111,44	6.317,00	1.590.428,44
2019	1505 412A 25501	1.584.111,44	6.317,00	1.590.428,44
2020	1505 412A 25501	1.056.074,29	4.211,33	1.060.285,63
<b>TOTAL</b>		<b>6.336.445,76</b>	<b>25.268,00</b>	<b>6.361.713,76</b>

**Lote 3** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO DENTRO CCAA	ORZAMENTO FÓRA CCAA	TOTAL
2016	1571 412A 25501	829.986,50	2.416,00	832.402,50
2017	1571 412A 25501	2.489.959,50	7.248,00	2.497.207,50
2018	1571 412A 25501	2.489.959,50	7.248,00	2.497.207,50
2019	1571 412A 25501	2.489.959,50	7.248,00	2.497.207,50
2020	1571 412A 25501	1.659.973,00	4.832,00	1.664.805,00
<b>TOTAL</b>		<b>9.959.838,00</b>	<b>28.992,00</b>	<b>9.988.830,00</b>

**Lote 4** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO DENTRO CCAA	ORZAMENTO FÓRA CCAA	TOTAL
2016	2701 412A 25501	1.098.321,18	3.524,00	1.101.845,18
2017	2701 412A 25501	3.294.963,55	10.572,00	3.305.535,55
2018	2701 412A 25501	3.294.963,55	10.572,00	3.305.535,55
2019	2701 412A 25501	3.294.963,55	10.572,00	3.305.535,55
2020	2701 412A 25501	2.196.642,37	7.048,00	2.203.690,37
<b>TOTAL</b>		<b>13.179.854,20</b>	<b>42.288,00</b>	<b>13.222.142,20</b>





**Lote 5** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO DENTRO CCAA	ORZAMENTO FÓRA CCAA	TOTAL
2016	3201 412A 25501	1.190.257,72	20.533,00	1.210.790,72
2017	3201 412A 25501	3.570.773,15	61.599,00	3.632.372,15
2018	3201 412A 25501	3.570.773,15	61.599,00	3.632.372,15
2019	3201 412A 25501	3.570.773,15	61.599,00	3.632.372,15
2020	3201 412A 25501	2.380.515,43	41.066,00	2.421.581,43
<b>TOTAL</b>		<b>14.283.092,60</b>	<b>246.396,00</b>	<b>14.529.488,60</b>

**Lote 6** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo.

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO DENTRO CCAA	ORZAMENTO FÓRA CCAA	TOTAL
2016	3601 412A 25501	1.158.246,76	5.873,33	1.164.120,09
2017	3601 412A 25501	3.474.740,28	17.620,00	3.492.360,28
2018	3601 412A 25501	3.474.740,28	17.620,00	3.492.360,28
2019	3601 412A 25501	3.474.740,28	17.620,00	3.492.360,28
2020	3601 412A 25501	2.316.493,52	11.746,67	2.328.240,19
<b>TOTAL</b>		<b>13.898.961,12</b>	<b>70.480,00</b>	<b>13.969.441,12</b>

**Lote 7** : Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra- Salnés.

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO DENTRO CCAA	ORZAMENTO FÓRA CCAA	TOTAL
2016	3603 412A 25501	824.515,00	1.782,00	826.297,00
2017	3603 412A 25501	2.473.545,00	5.346,00	2.478.891,00
2018	3603 412A 25501	2.473.545,00	5.346,00	2.478.891,00
2019	3603 412A 25501	2.473.545,00	5.346,00	2.478.891,00
2020	3603 412A 25501	1.649.030,00	3.564,00	1.652.594,00
<b>TOTAL</b>		<b>9.894.180,00</b>	<b>21.384,00</b>	<b>9.915.564,00</b>

Os importes relativos ao servizo que se pretende contratar están exentos de IVE, segundo o previsto no artigo 20.1.15 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, onde se establece que o



transporte de persoas enfermas ou feridas en ambulancias ou vehículos especialmente adaptados para iso está exento deste imposto.

### **3.2. TARIFAS MÁXIMAS DOS SERVIZOS FÓRA DO TERRITORIO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

As empresas ofertarán os servizos de transporte sanitario que se realicen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, considerando como tarifas máximas por km para estes servizos os seguintes:

Vehículos tipo A1 e A2: 0,40 €/ Km.

Vehículos tipo B e C: 0,91 €/ Km.

### **3.3. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO**

O sistema de determinación do prezo para os traslados dentro da Comunidade Autónoma será a tanto alzado e o sistema de determinación do prezo para os traslados de fóra da Comunidade Autónoma será por tarifas.

### **3.4. REVISIÓN DE PREZOS**

A revisión de prezos terá lugar a partir dos dous anos de vixencia do contrato e realizarase sobre o 15% do prezo anual do contrato, correspondente ao gasto de combustible aproximado para a prestación do servizo.

A fórmula de revisión será a variación interanual experimentada polo prezo do gasóleo de automoción en España publicado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo na súa páxina web, tomando como dato o último dispoñible no momento de realizar a revisión. A revisión será anual a partir do segundo ano de vixencia do contrato.

### **3.5. EXISTENCIA DE CRÉDITO**

Para a execución dos compromisos económicos derivados desta contratación financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias: 1501 412A 25501, 1505 412A 25501, 1571 412A 25501, 2701 412A 25501, 3201 412A 25501, 3601 412A 25501 e 3603 412A 25501 do orzamento do Servizo Galego de Saúde para os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020.

## **4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

### **4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS**

#### **A.- Normas xerais**

Segundo o disposto nos artigos 54 a 60 do TRLCSP, poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, no estean incursas nunha prohibición de contratar do artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica financeira e técnica ou profesional, nos casos que así se esixa, se atopen debidamente clasificadas.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional, que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.



As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias dos contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

## **B.- Normas especiais sobre a capacidade para contratar.**

a) As unións de empresarios que se constituían temporalmente ao efecto poderán presentar proposicións (artigo 59 do TRLCSP) de acordo coas seguintes regras:

- Non se poderá subscribir ningunha proposta de unión temporal con outras empresas se se fixo unha oferta individual, nin figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por ese licitador.

- Os representantes de todas as empresas compoñentes da unión temporal deberán subscribir un documento privado no que consten os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriben, a participación de cada un deles, a persoa ou entidade que durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos eles fronte á Administración e o seu compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, caso de resultar adxudicatarios.

- Cada un dos empresarios acreditará a súa capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica, coa presentación da documentación á que fai referencia na cláusula 6.6, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada unha das integrantes da mesma.

- Só no caso de que a licitación sexa adxudicada á unión de empresarios estes deberán acreditar a súa constitución ante o órgano de contratación.

- A duración das unións temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

b) Terán capacidade para contratar as empresas estranxeiras comunitarias que, de acordo coa lexislación do Estado no que estean establecidas, se atopen habilitadas para a prestación obxecto do contrato. Cando a lexislación de dito Estado esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder realizar nel o contrato de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

c) A aptitude para contratar das empresas estranxeiras non comunitarias xustificárase mediante informe da Misión Diplomática Permanente Española, que seu Estado de procedencia admite a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos e entidades do sector público asimilables aos enumerados no Art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga (prescindírase deste requisito cando nos atopemos ante empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio).

## **5. LICITACIÓN**

### **5.1. DOCUMENTACIÓN**

5.1.1. Para tomar parte no procedemento será preciso que o licitador aporte a documentación que integra a súa proposición, dividida en TRES partes:

**SOBRE A:** Documentación administrativa (acreditativa do cumprimento dos requisitos previos).

**SOBRE B:** Documentación relativa aos criterios non avaliábeis de forma automática.

**SOBRE C:** Documentación relativa aos criterios avaliábeis de forma automática.

5.1.2. A documentación presentárase en tres sobres independentes. Os sobres presentáranse pechados, identificados no seu exterior, coa indicación da contratación á que concorren (código do expediente e obxecto), número de lotes e asinados polo contratista ou a persoa que o represente, e a indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa, dirección, teléfono, fax/correo electrónico e, de estar inscrito, o número de Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Sobre:**

**Nº expediente:** AB-SER4-16-003

**Lote ou lotes:**

**Obxecto do concerto:** Servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e do transporte hospitalario urxente do Servizo Galego de Saúde.

**Razón social do licitador:**

**NIF do licitador:**

**Nome e apelidos do representante ou apoderado:**

**Domicilio social:**

**Teléfono, Fax e correo electrónico:**

**Nº inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:**

5.1.3. No interior de cada sobre farase constar, en folla independente, o índice co seu contido enunciado numericamente e indicando a información incluída no mesmo que consideren confidencial.

5.1.4. A documentación dos sobres B e C presentárase ademais de en soporte papel, en soporte CD/DVD, o cal terá o mesmo contido que o formato papel. No caso de contradicións terá preferencia o indicado no papel.

## 5.2. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

5.2.1. A documentación deberá ser entregada no Rexistro Xeral da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo de San Lázaro, s/n, 15781 – Santiago de Compostela.

5.2.2. Non obstante, ao disposto no punto anterior, o candidato poderá enviar as súas proposicións por correo, en cuxo caso, deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, télex ou telegrama no mesmo día. Esta notificación cursarase ao órgano de contratación a través da unidade administrativa xestora indicada na cláusula 2.4. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición. Transcorridos, non obstante, dez días seguintes á data de finalización do prazo de presentación de proposicións sen ter recibida a documentación, esta non será admitida.



5.2.3. O prazo de presentación ou envío será o indicado no anuncio de licitación publicado no Diario Oficial de Galicia. A hora de finalización da presentación das ofertas serán as **14:00 horas**, tanto se a proposición se entrega no Rexistro especificado na cláusula 5.2.1. como se se envía por correo.

### 5.3. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A)

Deberase ter en conta que, para participar nesta licitación, a achega inicial da documentación establecida no Art. 146.1 do TRLCSP de cumprimento dos requisitos previos, substituirase por unha declaración responsable do licitador (Anexo I) indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, segundo dispón o Art. 146.4 do TRLCSP e no Art. 24 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Non obstante ao anterior, o licitador que se propoña como adxudicatario deberá presentar toda a documentación no intre anterior á adxudicación do contrato.

En todo caso, de acordo co establecido no parágrafo segundo do Art. 164.4 do TRLCSP, o órgano de contratación, en orde de garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

O Art. 146.5 do TRLCSP establece que o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

O incumprimento, ou a cumprimentación defectuosa, da obriga de acreditar o cumprimento dos requisitos previos para contratar determinará, de ser o caso, a concorrencia de prohibición de contratar nos termos establecidos no artigo 60 do TRLCSP.

O licitador deberá incluír no **sobre “A”** a seguinte documentación:

1.- Modelo de declaración responsable para a contratación documentalmente simplificada do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (Anexo I).

De concorrer varios empresarios agrupados en UTE (Unión Temporal de Empresas) deberán presentar, cada un deles, unha declaración responsable (Anexo I) e un compromiso, asinado conxuntamente, de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato, coa declaración da porcentaxe de participación de cada empresario e o nomeamento dun representante ou apoderado único da unión.

Consideradas as circunstancias concorrentes neste contrato, e de conformidade co establecido no Art. 103 do TRLCSP, no se esixe a constitución de garantía provisional.

#### 2.- Compromiso de adscripción de medios

Os licitadores deberán completar a súa solvencia mediante o compromiso de adscripción de medios que se limitará ao número mínimo de vehículos exixido no VI do prego de prescricións técnicas para cada un dos lotes aos que licite, onde debe figurar o número de lote, o número e a modalidade de ambulancia do mesmo, sen facer referencia aos vehículos adicionais que oferten por tratarse este dun criterio avaliable automaticamente.

3.- Se o licitador desexa optar á preferencia na adxudicación, no suposto de proposicións que igualem os seus termos, deberá presentar ademais a documentación sinalada nos seguintes puntos:



a) Para os efectos de acreditar, se é o caso, a relación laboral con persoas con discapacidade que representen no seu equipo un número de traballadores superior ao 2% deberá achegarse a seguinte documentación:

- Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representen sobre o total do cadro de persoal.
- Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
- Relación de traballadores fixos discapacitados acompañada de resolución ou certificación acreditativa do grao de vixencia da discapacidade.
- Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

b) Se é o caso, documentación xustificativa de ter implantado a entidade un plan de igualdade ou de ter obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co establecido na Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e no Decreto 33/2009, de 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

Aquelas empresas que non presenten no sobre A esta documentación non poderán optar á preferencia na adxudicación nos termos expostos.

A documentación deberá presentarse redactada en galego ou castelán. No caso de presentar traducións estas serán oficiais.

#### **5.4. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE B)**

Os licitadores deberán entregar un sobre B para cada un dos lotes aos que se presenten, que conterá a proposición correspondente. **O incumprimento desta condición dará lugar á exclusión da oferta do procedemento de adxudicación.**

O sobre B conterá os documentos, asinados, acreditativos da proposición, non avaliable mediante cifras, porcentaxes ou fórmulas que se detalla a continuación e que está considerada de avaliación previa por ser susceptible de avaliación mediante xuízos de valor:

1. Plan de Formación, neste criterio valorarase o contido e adecuación dos plan de formación ofertados ao persoal de transporte sanitario, tanto de novo ingreso como de formación continua, que inclúa polo menos os cursos prioritarios do apartado IV, punto D.1. Titulación e Formación do persoal, do prego de prescricións técnicas.

Acreditarase mediante unha declaración responsable os plans que se levarán a cabo neste concerto.

2. Plan de renovación dos vehículos. Neste criterio avaliarase o plan de renovación do parque móbil ofertado dentro dos dous primeiros anos de vixencia do concerto.

Acreditarase mediante unha declaración responsable, para cada lote, onde figure o tipo e o número de ambulancias que se acollen a este plan de renovación.

3. Melloras nas condicións materiais dos vehículos.



Os vehículos de transporte sanitario por estrada deberán cumprir os requisitos exixidos no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia e o exixido no prego de prescricións técnicas.

Neste criterio avaliaranse as seguintes melloras técnicas:

- 1) Mais de dúas cadeiras de evacuación pregadas, con rodas móbiles que permitan o transporte do paciente e patíns ou rodeiro para baixar escaleiras e que disporán de ancoraxes de seguridade
- 2) Cadeiras eléctricas
- 3) Nas ambulancias A2 máis de 6 asentos e menos de 10 que permitan a súa abatibilidade
- 4) Instalación do asento do condutor con suspensión neumática

Acreditarase mediante unha declaración responsable da empresa, por cada lote, onde consten as melloras ofertadas, acompañadas da documentación xustificativa destas e o Anexo IV deste prego.

**Neste sobre B non se pode incluír ningunha información que permita coñecer a oferta económica nin os restantes criterios da avaliación automática.** O incumprimento desta condición dará lugar á exclusión da oferta do procedemento de adxudicación.

## 5.5. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C)

Os licitadores deberán entregar un sobre C para cada un dos lotes aos que se presenten, que conterá a proposición correspondente. **O incumprimento desta condición dará lugar á exclusión da oferta do procedemento de adxudicación.**

O sobre C conterá os documentos asinados, acreditativos da proposición avaliable mediante cifras, porcentaxes ou fórmulas, e especificaranse os seguintes conceptos:

### a) Oferta económica

A oferta económica será formulada conforme o modelo que se xunta como anexo II deste prego para cada un dos lotes aos que se presente.

Os prezos ofertados indícaranse en euros. As ofertas que excedan o prezo máximo de contratación fixado polo órgano de contratación ou sexan incorrectamente formuladas serán rexeitadas.

b) **Antigüidade dos vehículos.** Avaliarase sobre os vehículos ofertados como parque móbil mínimo estimado, establecido no prego de prescricións técnicas (VI Parque Móbil) para cada un dos lotes, en función da primeira data de matriculación e o número de quilómetros de cada vehículo e acreditarase mediante a copia compulsada do permiso de circulación dos vehículos e a cumprimentación do Anexo III deste prego.

c) **Vehículos adicionais co seu persoal correspondente.** As entidades ofertantes poderán propoñer un número de vehículos superior ao requirido no apartado VI ( PARQUE MÓBIL) do prego de prescricións técnicas e no compromiso de adscrición de medios do apartado 5.3. deste prego.





O parque a utilizar en cada momento será o necesario para atender todos os servizos, nas condicións recollidas neste prego, aínda que estes teñan que ser maiores que os mínimos esixidos ou os adicionais ofertados.

## **5.6. PROPOSICIÓNS E RETIRADA DESTAS UNHA VEZ PRESENTADAS**

Cada licitador presentará unha soa proposición. Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros, se o fai individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal. **A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións subscritas por el.**

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

De non ditarse a resolución de adxudicación dentro do prazo, os empresarios terán o dereito a retirar a súa proposición.

A retirada indebida da proposición no procedemento de adxudicación impedirá ao empresario contratar coas Administracións Públicas de acordo co establecido no Art. 60.2. letra d) do TRLCSP.

## **6. ADXUDICACIÓN**

### **6.1. MESA DE CONTRATACIÓN**

O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha Mesa de Contratación constituída de conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP e o artigo 21 do RD 817/2009.

A Mesa de Contratación poderá estar asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias, a requirimento desta.

### **6.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A)**

Rematado o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación constituirase para o exame e a cualificación da documentación administrativa, en función dos requisitos esixidos. Se a mesa de contratación observara defectos ou omisións emendables, concederá un prazo non superior a tres días hábiles para a súa emenda.

A estes efectos comunicarao por enderezo electrónico ou fax aos interesados, sen prexuízo de que as circunstancias sinaladas se poidan facer públicas a través do perfil do contratante.

A documentación requirida para a emenda de erros ou omisións deberá ser entregada, en todo caso, no Rexistro especificado no punto 5.2.1. deste prego.

Do actuado, deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse e que será asinada polo presidente e o secretario da Mesa de Contratación.

### **6.3. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NO AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE B)**



Na data indicada, no lugar e hora sinalados no perfil do contratante, a Mesa de Contratación constituirase para a realización das seguintes actuacións:

Revisión da documentación relativa aos defectos ou omisións emendables.  
Adopción dos oportunos acordos sobre admisión definitiva ou exclusión das persoas licitadoras.

En acto público procederase á realización das seguintes actuacións:

En primeiro lugar, o presidente dará conta aos asistentes do número de proposicións recibidas e do nome dos licitadores, comunicando o resultado da cualificación da documentación xeral presentada nos sobres A, con expresión dos licitadores admitidos, dos excluídos e das causas da súa exclusión, invitando aos asistentes a que formulen as observacións que estimen oportunas, que serán reflectidas na acta, pero sen que neste momento poida a mesa de contratación facerse cargo de documentos que non se entregaran durante o prazo de admisión de ofertas ou de emenda de defectos ou omisións.

De seguido invitarase aos asistentes para que comprobren, se o desexan, que os sobres que conteñen as proposicións atópanse na Mesa, e en idénticas condicións ás que foron entregados.

Procederase á apertura dos SOBRES B dos licitadores admitidos, que conteñen a documentación relativa aos criterios no avaliábeis de forma automática.

Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións estimen oportunas.

A mesa de contratación solicitará cantos informes técnicos considere pertinentes para realizar a avaliación da documentación presentada polos licitadores.

Por parte do secretario redactarase acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada polo presidente e o secretario.

#### **6.4. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C)**

A avaliación do contido no sobre B realizarase, en todo caso, antes da apertura do sobre C, deixando constancia documental, tal e como se establece no parágrafo terceiro do Art. 150.2 do TRLCSP.

A data, hora e lugar da celebración da mesa de apertura do sobre C, publicarase no perfil do contratante.

En acto público realizaranse as seguintes actuacións:

Lectura dos resultados da avaliación do contido do sobre B das persoas licitadoras.

Apertura dos sobres C das persoas licitadoras admitidas.

Lectura das ofertas.

Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións estimen oportunas.

Os criterios serán avaliados segundo o esixido no apartado 6.5.1 deste prego.



Por parte do secretario levantarase acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido e será asinada polo presidente e o secretario.

## 6.5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

6.5.1. O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos seguintes criterios:

CONCEPTO	PUNTUACIÓN
<b>CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE B) TOTAL 30 PUNTOS</b>	
Plan de formación	0-10
Plan de renovación de vehículos	0-15
Melloras dos vehículos	0-5
<b>CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C) TOTAL 70 PUNTOS</b>	
Oferta económica	0-40
Antigüidade dos vehículos	0-15
Vehículos adicionais	0-15

### CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE B) 0-30 PUNTOS

#### 1. Plan de formación ata 10 puntos

A avaliación deste criterio deberá comprender necesariamente o contido mínimo que se establece no apartado IV punto D.1 titulación e Formación do prego de prescricións técnicas.

A avaliación do plan de formación efectuarase en base aos seguintes criterios:

- 1) Número de horas. Se avaliará a maior duración dos cursos de formación.
- 2) Medios de formación. Se avaliará preferentemente os cursos presenciais, en segundo lugar os curso semipresenciais e por último os cursos de teleformación.
- 3) Contidos da formación. Se avaliará outros cursos con contidos adicionais aos cursos obrigatorios do apartado IV punto D.1 Titulación e Formación do prego de prescricións técnicas, dando maior valor aos cursos referidos a contidos asistenciais, en segundo lugar aos cursos de contido de prevención e seguridade e por último a os cursos de contido transversal.

Acreditarase mediante unha declaración responsable, en cada lote, dos plans que se levarán a cabo neste concerto.



## 2.- Plan de renovación dos vehículos ata 15 puntos

Neste criterio avaliarase o plan de renovación ou substitución definitiva das ambulancias presentadas pola empresa como parque mínimo necesario para cada lote, establecido no prego de prescricións técnicas, dentro dos dous primeiros anos de vixencia do concerto.

A oferta deste plan de renovación avaliarase comparativamente en función do número e tipo de ambulancias, avaliando especialmente, a substitución das ambulancias tipo A2.

A estes efectos deberá presentarse unha declaración responsable, para cada lote, onde figure o tipo e o número de ambulancias que se acollen a este plan de renovación.

## 3.- Melloras nas condicións materiais dos vehículos ata 5 puntos

Os vehículos de transporte sanitario por estrada deberán cumprir os requisitos exixidos no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia e o exixido no prego de prescricións técnicas.

Neste criterio avaliaranse as seguintes melloras técnicas:

- 1) Mais de dúas cadeiras de evacuación pregadas, con rodas móbiles que permitan o transporte do paciente e patíns ou rodeiro para baixar escaleiras e que disporán de ancoraxes de seguridade, ata 2 puntos máximo
- 2) Cadeiras eléctricas, ata 1 punto máximo
- 3) Nas ambulancias A2 máis de 6 asentos e menos de 10 que permitan a súa abatibilidade, ata 1 punto
- 4) Instalación do asento do condutor con suspensión neumática, ata 1 punto

Acreditarase mediante unha declaración responsable da empresa, por cada lote, onde consten as melloras ofertadas, acompañadas da documentación xustificativa destas e o Anexo IV deste prego.

## CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE C) 70 puntos

### 1.- Oferta económica 40 puntos

A oferta económica é a suma da oferta polo orzamento dos traslados dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e o resultado de multiplicar a oferta das tarifas dos traslados de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, é dicir, 0,40 euros e 0,91 euros, polos quilómetros estimados, segundo o modelo do anexo II deste prego.

Serán excluídas aquelas ofertas que superen o orzamento dos traslados dentro da Comunidade Autónoma de Galicia ou as tarifas establecidas para os traslados de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

As ofertas que iguallen o prezo de licitación serán avaliadas con 0 puntos.



No caso de que non existan ofertas de importe inferior ao da baixa desproporcionada, puntuaranse as ditas ofertas de acordo coa seguinte fórmula:

$$V_i = POE * \frac{(PL - O_i)}{(PL - Baixa desproporcionada)}$$

No caso de que existan ofertas de importe inferior ao da baixa desproporcionada e sexan admitidas, puntuaranse do seguinte modo:

- o As ofertas de importe superior ou igual ao da baixa desproporcionada:

$$V_i = (POE - 2) * \frac{(PL - O_i)}{(PL - Baixa desproporcionada)}$$

- o As ofertas de importe inferior ao da baixa desproporcionada:

$$V_i = (POE - 2) + 2 * \frac{(PL - O_i)}{(PL - PFAV)}$$

Onde:

$V_i$  = Puntuación da oferta presentada.

POE = Puntuación máxima da oferta económica (40 puntos).

PL = Orzamento licitación.

$O_i$  = Oferta presentada.

Baixa desproporcionada = Prezo da oferta desproporcionada ou anormal.

PFAV = Prezo da oferta non excluída máis favorable.

#### Criterio de oferta desproporcionada ou anormal:

Consideraranse como desproporcionadas ou anormais, as ofertas económicas de importe inferior ao 90% da media aritmética das ofertas presentadas.

Cando os licitadores non xustificuen, de acordo co establecido no artigo 152.3 e 4 do TRLCSP, que a súa oferta, identificada inicialmente como desproporcionada ou anormal, poida ser cumprida, ou cando dita xustificación sexa considerada insuficiente, ditas ofertas quedarán excluídas da clasificación e non serán tidas en conta á hora de avaliar as ofertas económicas.

## **2.- Antigüidade dos vehículos 15 puntos**



A antigüidade dos vehículos avaliarase, sobre os vehículos ofertados como parque móbil mínimo estimado, establecido no prego de prescricións técnicas (VI Parque Móbil) para cada un dos lotes, en función da primeira data de matriculación (ata 10 puntos) e o número de quilómetros (ata 5 puntos).

1) A avaliación deste criterio en función da primeira data de matriculación realizarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$V_i = \frac{10x A_{max}}{A_i}$$

$V_i$ : Puntuación ou valoración outorgada a cada oferta.

$A_{max}$ : Antigüidade media da mellor oferta.

$A_i$ : Antigüidade media de cada oferta.

A antigüidade calcularase como a diferenza en días entre a primeira data de matriculación do vehículo e a data de fin da presentación das ofertas.

2) A avaliación deste criterio en función dos quilómetros realizarase do seguinte xeito:

$V_i$ :  $\sum$  quilómetros de todos os vehículos / número de vehículos.

Da puntuación obtida aplicarase o seguinte baremo:

Ata 80.000 km = 5 puntos

Entre 80.001 km e 160.000 km = 4 puntos

Entre 160.001 km e 240.000 km = 3 puntos

Entre 240.001 km e 320.000 km = 2 puntos

Entre 320.001 km e 400.000 km = 1 punto

>400.000 km = 0 puntos

Acreditarase mediante a copia compulsada do permiso de circulación dos vehículos a cumprimentación do Anexo III deste prego.

A verificación dos quilómetros efectuarase antes da adxudicación do contrato no trámite de verificación dos medios que se comprometeron a adscrición a este.

### 3.-Vehículos adicionais ata 15 puntos

Neste criterio valorarase o número de vehículos ofertados superiores aos mínimos establecidos nos pregos (incluíndo a dotación de persoal):



- Por cada vehículo tipo A2 (conforme aos requirimentos do prego de prescricións técnicas)= 2 puntos.
- Por cada vehículo tipo C (conforme aos requirimentos do prego de prescricións técnicas) = 3 puntos.
- Por cada vehículo tipo B (conforme aos requirimentos do prego de prescricións técnicas) = 4 puntos.

Acreditarase mediante unha declaración responsable na que se especifique o número e tipo de ambulancias para cada lote.

**6.5.2.** Os eventuais empates resolveranse en primeiro lugar a favor daquelas empresas que teñan no seu cadro de persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao 2% de acordo co establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP e en segundo lugar as empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou de ter obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co establecido na Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e no Decreto 33/2009, de 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.

## **6.6. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN**

O órgano de contratación, clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados neste prego, podendo solicitar para iso cantos informes técnicos considere pertinentes.

Segundo o disposto no Art. 151 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá á persoa candidata, se resulta adxudicataria, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a seguinte documentación que deberá presentar mediante orixinais ou copias lexitimadas por notario ou compulsadas por persoal autorizado que preste os seus servizos na Xunta de Galicia:

1º) Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista, que será o DNI, o NIE ou o pasaporte, se se trata dunha persoa física, ou, se a empresa fora unha persoa xurídica, a escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este rexistro fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle fose aplicable. Se non o fose, acreditación da capacidade de obrar realizárase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional no que constasen as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

A capacidade de obrar das empresas comunitarias ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase pola súa inscrición no Rexistro procedente ou presentando as certificacións que se indican no Anexo I do RGLCAP, mentres non se atope derogado, ou no seu caso o recollido na normativa que o substitúa.

A capacidade de obrar do resto das empresas estranxeiras acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o enderezo da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúen con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

As persoas físicas ou xurídicas dos Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos



entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

2º) Xustificación da representación con que actúa a persoa asinante da proposición, cando subscriba esta en nome doutra persoa. Se a representada fose unha empresa individual, xuntarase copia autenticada da escritura de poder notarial bastante, outorgada polo titular ou propietario da empresa a favor de quen subscribiu a solicitude no seu nome. No caso de que o asinante da solicitude actúe en nome dunha persoa xurídica, achegará copia autenticada da escritura de constitución da sociedade, ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil, con aqueles particulares dos estatutos ou dos acordos sociais dos que se deduza dita representación. Se esta non resultara unicamente destes presentarase ademais poder notarial bastante para xustificala. Deberá acompañarse **obligatoriamente o escrito de recoñecemento de suficiencia de poder bastante asinado polo Letrado da Xunta de Galicia.**

3º) Xustificación acreditativa das circunstancias de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social mediante:

- Certificado vixente da Tesourería Territorial da Seguridade Social correspondente, acreditativo de que a empresa se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado vixente da Axencia Tributaria (AEAT) xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificado vixente expedido pola Axencia Tributaria de Galicia na que se teña constancia de que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Documento que acredite estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, mediante presentación da alta, referida ao exercicio corrente, ou do último recibo do I.A.E. completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

As persoas naturais ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida pola autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, terán que presentar certificación, tamén expedida pola autoridade competente, na que se acredite que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.

4º) Rexistro de Contratistas:

Os que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, de 20 de setembro, no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, regulado por Orde EHA/1490/2010, de 28 de maio, ou presenten certificados comunitarios de clasificación ou documentos similares recollidos no Art. 84 do TRLCSP, están exentos de presentar a documentación que se esixe nos apartados 1º, 2º e 3º desta cláusula (6.6.).

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa solvencia conforme sinala o Art. 84 do TRLCSP.

Os licitadores coa inscrición no Rexistro non quedarán eximidos de presentar a documentación relativa á acreditación da solvencia económica, financeira e técnica.

Cando un licitador desexe facer valer a súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, aos efectos previstos, deberá reflectilo de forma fidedigna no exterior do sobre de documentación





persoal, indicando o número de rexistro asignado. Os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estados deberán aportar a certificación do órgano encargado do mesmo.

En todos os casos e de acordo co establecido no Art. 146.3 do TRLCSP o licitador deberá presentar unha declaración responsable na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado do rexistro non experimentou variación.

## UNIÓNS DE EMPRESARIOS

Aportarán a documentación que se recolle no artigo 59 do TRLCSP.

**5º) Solvencia económica e financeira: Medios de acreditación e condicións mínimas.**

Criterios de selección e requisitos mínimos: o volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser por un importe igual ou superior ao valor anual medio do lote ou lotes do contrato aos que concorran.

Medios de acreditación: o volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio dunha declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de devandito volume de negocios.

No caso de licitar a varios lotes, deberá acreditar o importe correspondente á suma dos lotes aos que conorra

**6º) Solvencia técnica ou profesional: Medios de acreditación e condicións mínimas.**

Unha relación, selada e asinada polo representante da empresa, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 5 anos concluídos, onde figure a descrición do obxecto dos ditos traballos, os importes, datas e beneficiarios públicos ou privados.

Dita relación deberá presentarse segundo o cadro modelo que se reflicte a continuación:

Destinatario	Público/Privado	Ano executado	Importe executado cada ano	Denominación do traballo ou servizo

Cada un dos traballos recollidos no cadro deberá acreditarse, mediante orixinal ou copia compulsada, do seguinte xeito:

Se o destinatario foi unha entidade do sector público, mediante certificación de boa execución expedida ou visada polo órgano competente

Se o destinatario foi un suxeito privado, mediante unha certificación de boa execución expedida por este ou, a falta de certificación, mediante unha declaración responsable do licitador declarando ter realizado o traballo ou servizo a satisfacción de aquel.





Criterio de selección e requisitos mínimos: Experiencia na realización de traballos do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, e o requisito mínimo será que os importes acumulados, no ano de maior execución concluído, sexan iguais ou superiores ao 40% do valor anual medio do lote ou lotes do contrato aos que conorra. Polo tanto a anualidade media exixida deberá ser a seguinte:

Lote 1: 1.149.836,59  
Lote 2: 636.171,38  
Lote 3: 998.883,00  
Lote 4: 1.322.214,22  
Lote 5: 1.452.948,86  
Lote 6: 1.396.944,11  
Lote 7: 991.556,40

No caso de licitar a varios lotes, deberá acreditar o importe correspondente á suma dos lotes aos que conorra

7º) Os contratistas estranxeiros deberán achegar declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder a cada licitante.

8º) Garantía Definitiva: documento acreditativo da constitución, a disposición do órgano de contratación, da garantía definitiva.

O adxudicatario ven obrigado a constituír e depositar na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda a disposición do órgano de contratación, unha garantía definitiva do cinco por cen do importe de licitación de cada lote, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

O importe correspondente a cada lote será o seguinte:

LOTE	Importe Garantía
Lote 1	574.918,30
Lote 2	318.085,69
Lote 3	499.441,50
Lote 4	661.107,11
Lote 5	726.474,43
Lote 6	698.472,06
Lote 7	495.778,20

9º) Documento acreditativo do pagamento dos gastos de publicación do anuncio de licitación nas publicacións correspondentes.

10º) Proba da efectiva disposición dos medios contemplados no apartado VI do prego de prescricións técnicas (PARQUE MÓBIL), que vai adscribir á execución do contrato, de conformidade co artigo 64.2 do TRLCSP, en particular, deberá aportar a seguinte documentación referida a cada vehículo, incluíndo tamén os vehículos ofertados como vehículos adicionais:

- Permiso de circulación.



- Tarxeta visado de transporte.
- Tarxeta de inspección técnica do vehículos
- Certificación técnico-sanitaria do vehículo.
- Imposto de circulación.
- Certificación do carroceiro que a ambulancia cumpre os requisitos do Decreto 52/2015, de 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia
- Póliza de seguro obrigatoria, incluíndo condutores e pacientes.
- Póliza seguro complementario por roubo ou espoliación, que garanta a reposición do material propiedade do Servizo Galego de Saúde que inclúa como equipamento no vehículo.
- Autorización da Delegación de Industria coas características do vehículo.

11º) Seguro de responsabilidade civil, cunha cobertura mínima de 1.500.000€ por sinistro e 300.000€ por vítima

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que **a persoa licitadora retirou a súa oferta**, procedéndose nese caso a recadar a mesma documentación á persoa licitadora seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

## 6.7. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente. Adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se tiveran interpostos, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados, agás a do adxudicatario.

## 7. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización.

O contrato formalizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos.

A formalización efectuarase dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación ás persoas licitadoras.

No caso de que o adxudicatario de algún dos lotes sexa unha UTE (Unión Temporal de Empresas), dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal, debidamente inscrita no rexistro correspondente.

Ao contrato que se formalice engadiranse, como anexos, un exemplar deste prego de cláusulas administrativas e do prego de prescricións técnicas.

## 8. EXECUCIÓN DO CONTRATO

## 8.1. FORMA DE EXECUCIÓN

O contratista realizará as prestacións obxecto desta contratación reflectidas na cláusula 2.1. deste prego así como no prego de prescricións técnicas, no prazo que se estipula na cláusula 2.5. deste prego, con suxeición ao establecido no clausulado do contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dera ao contratista o órgano de contratación.

En todo caso o contrato executarase a risco e ventura do contratista, correspondéndolle indemnizar todos os danos que se ocasionen tanto á Administración contratante como a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do servizo, agás cando tales prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do Servizo Galego de Saúde.

A execución do contrato suxeitarase ás seguintes condicións:

### 1- Condicións relativas á prestación dos servizos.

Os servizos a prestar en cada momento serán os que resulten necesarios para a total atención do transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente, calquera que sexa o seu número, duración ou composición por tipo de transporte.

Nos supostos nos que exista un terceiro responsable do pagamento do servizo que se efectúe, a facturación polos servizos prestados cos medios deste contrato corresponde exclusivamente á Administración contratante.

En ningún caso procede facturación nin cobro a terceiros por parte do adxudicatario sobre os servizos realizados con vehículos adscritos a este contrato, con independencia de que ditos servizos non se atopen contemplados neste prego.

A utilización por parte da Administración contratante, ou polos usuarios, de medios alleos á empresa concertada por insuficiencia dos que lle sexan propios, desatención do servizo, desviación de pacientes, tardanza excesiva, ou, en xeral, por calquera causa imputable ao adxudicatario que dea lugar ao aboamento do servizo pola Administración contratante ou ao reintegro de gastos aos pacientes, serán deducidos directamente da liquidación mensual que corresponda, sen prexuízo das deducións por incumprimento do contrato.

### 2- Condicións relativas aos medios persoais.

O adxudicatario deberá dispor de persoal preciso para atender a realización dos servizos contratados, o cal deberá cumprir os requisitos establecidos no prego de prescricións técnicas.

O adxudicatario comprométese a remitir ao órgano de contratación unha certificación inicial do persoal que presta os servizos obxecto deste contrato en cada lote. Esta certificación será actualizada cada vez que existan modificacións no persoal que preste os servizos contratados, para o que deberá remitir á Administración contratante a documentación xustificativa da relación laboral ou de servizos e a documentación xustificativa da formación requirida.

### 3- Condicións relativas aos medios materiais.



O número de vehículos a utilizar en cada momento será o necesario para atender todos os servizos nas condicións esixidas nos pregos, aínda que estes teñan que ser maiores que os mínimos esixidos. Todos os vehículos que a empresa presente na súa oferta estarán asignados de forma exclusiva a este contrato.

O adxudicatario comprométese a manter a plena operatividade do número de vehículos ofertados durante toda a vixencia do contrato, incluíndo as oportunas autorizacións administrativas que correspondan, así como aportar cantos medios resulten necesarios en cada momento para o correcto cumprimento do servizo. O adxudicatario comprométese a remitir ao órgano de contratación a substitución definitiva dos vehículos destinados á execución deste contrato.

4- Condicións relativas á organización dos servizos.

Serán as recollidas no prego de prescricións técnicas desta contratación, e o incumprimento destas condicións terá a consideración de causa de resolución do contrato de acordo cos artigos 118.2 e 223 f) e infracción grave de acordo cos artigos 118 e 60.2 do TRLCSP.

## 8.2. INTERVENCIÓN DO SERVIZO

Se se producise incumprimento por parte do contratista que orixine perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza, debendo o contratista someterse ás decisións do funcionario ou funcionarios que o órgano de contratación nomeara para desempeñar as funcións interventoras.

Así mesmo o contratista deberá aboar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle irrogase.

## 8.3. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos neste por causas imputables ao adxudicatario o órgano de contratación poderá optar indistintamente:

- a) Por declarar resolto o contrato con perda da garantía definitiva e indemnización dos danos e prexuízos ocasionados á Administración, no que exceda do importe da garantía incautada.
- b) Pola imposición de penalidades administrativas recollidas neste prego.

Se nun momento dado, e de xeito excepcional, a empresa non dispuxera de vehículo para realizar o transporte, será responsable da realización de dito servizo mediante a contratación doutra ambulancia, correndo os gastos por conta da empresa. No caso de que a empresa non o fixera, con independencia doutras actuacións, o Servizo Galego de Saúde poderá levar a cabo esta contratación, procedendo a descontar o importe desta contratación no abono da factura do adxudicatario.

Cumprimento defectuoso da prestación e execución obxecto do contrato:

- Por incumprimento da obriga de traslado, por causas imputables á empresa, minóranse 1.000 € da factura mensual por cada paciente afectado. Cando esta situación leve aparellada a utilización doutros medios de transporte por parte do paciente, orixinando gastos ao paciente que deban serlle integrados pola Administración minorarase adicionalmente da factura mensual correspondente o importe dos gastos orixinados.



- Por cada día que un vehículo ofertado non se atope dispoñible nin sexa substituído por algún outro minorarase 1.000 € da factura mensual correspondente.
- Por incumprimento das melloras nas condicións materiais dos vehículos ofertados ata un máximo de 10.000 € por vehículo.
- As actuacións ou omisións contra as disposicións contidas na Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, Lei 8/2008, de 10 de xullo de saúde de Galicia, Lexislación Social, de Transportes Terrestres, de Defensa de Consumidores e usuarios e demais lexislación aplicable ao servizo contratado, especialmente:
  - a) Falta de respecto ao paciente ou aos seus acompañantes, ou ben á súa personalidade, dignidade humana e intimación.
  - b) Discriminación dos pacientes por razóns de raza, de tipo social, de sexo, moral, económicas e ideolóxicas.
  - c) Incumprimento das normas reguladoras do transporte sanitario.
  - d) Incumprimento das normas sobre incompatibilidades.
  - e) Non dispor de follas de reclamacións.
  - f) Deficiencias na limpeza e no incumprimento das normas hixiénicas sanitarias.
  - g) En xeral, as actuacións constitutivas de infraccións sanitarias tipificadas no artigo 35 da Lei Xeral de Sanidade e no capítulo IV da Lei de Saúde de Galicia.
- O incumprimento das normas, instrucións e funcións de control, inspección e ordenamento da asistencia, emitidas polas Xerencias de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde, incluíndo especificamente:
  - a) O incumprimento das obrigas en materia de información e comunicacións.
  - b) Realizar traslados excluídos do contrato ou non autorizados.
  - c) Alteración das rutas inxustificadamente.
  - d) Incumprimento sobre a recollida e punto de descarga dos pacientes.
  - e) Realizar traslados sen dotación de persoal suficiente segundo o prego de prescricións técnicas.
  - f) Trasladar un número de pacientes superior á capacidade do vehículo.
  - g) Falsidade ou falsificación dos servizos desenvolto.
  - h) Atraso, negligencia ou descoido no cumprimento das obrigas do prego de prescricións técnicas que cause un prexuízo ou detrimento grave no servizo.
  - i) En xeral, todo o que prexudique á atención dos pacientes e aos intereses do Servizo Galego de Saúde.

**A gradación das penalidades** seguirase, se non se estipula directamente a penalidade aplicable, polos seguintes criterios:

- a) Considerarase incumprimento leve, aquel que non afecte á saúde ou á atención aos pacientes, ou cause un prexuízo económico ao Servizo Galego de Saúde inferior a 1.000 €.
- b) Considerarase incumprimento grave, aquel que supoña un prexuízo grave para a saúde ou a atención aos pacientes, ou que cause un prexuízo económico ao Servizo Galego de Saúde superior a 1.000 € e inferiora 10.000 €.
- c) Considerarase incumprimento moi grave, aquel que supoña un prexuízo moi grave para a saúde ou a atención aos pacientes, ou cause un prexuízo económico ao Servizo Galego de Saúde superior a 10.000 €.
- d) A reiteración de incumprimentos leves, é dicir, máis de tres faltas anuais, constitúe un incumprimento grave e a reiteración destas cualificarase como incumprimento moi grave.

As penalidades consistiran en :

- a) Por incumprimento leve, ata un máximo de 2.000 euros.
- b) Por incumprimento grave, de 2.001 euros ata un máximo de 15.000 euros.
- c) Por incumprimento moi grave, de 15.001 euros ata un máximo de 25.000 euros.

O importe das penalidades dentro de cada tramo fixarase en función do prexuízo producido na saúde ou atención dos pacientes ou o prexuízo sufrido polo Servizo Galego de Saúde.

## **Procedemento**

As penalidades sinaladas nos parágrafos anteriores imponse, no caso de incumprimentos moi graves, por acordo do Xerente do Servizo Galego de Saúde, a proposta do Xerente da Xerencia de Xestión Integrada correspondente, previa audiencia ao interesado. No resto dos supostos imponse por acordo do Xerente da Xerencia de Xestión Integrada correspondente, a proposta da persoa pertencente á Xerencia nomeada polo responsable do contrato, previa audiencia ao interesado. En todos os casos, as penalidades faranse efectivas mediante dedución da facturación mensual correspondente.

## **8.4. DEREITOS DOS USUARIOS DO SERVIZO**

Segundo o artigo 40 da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, as reclamacións de responsabilidade patrimonial que poidan formular as persoas usuarias dos servizos públicos poderán dirixirse directamente á Administración Autonómica titular do servizo público, de acordo co establecido na lexislación básica estatal, sen prexuízo do dereito das persoas usuarias a reclamar contra o prestador do servizo na vía xurisdiccional que corresponda nos casos nos que non se pretenda a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración.

As reclamacións de responsabilidade patrimonial que lle poidan formular directamente as persoas usuarias, serán remitidas polo centro á Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación da Consellería de

Sanidade a efectos da súa tramitación. O concerto incluíra expresamente esta obriga como obriga esencial, cuxo incumprimento será causa de resolución contractual.

Se a Administración titular do servizo público entende que se produciron lesións nos bens e dereitos das persoas usuarias susceptibles de ser indemnizadas por concepto de responsabilidade patrimonial, iniciará de oficio o procedemento correspondente, de acordo co establecido na lexislación básica estatal.

As persoas usuarias dos servizos públicos prestados poderán formular suxestións e queixas sobre a prestación do servizo, que deberán ser contestadas de forma motivada e individual, á Subdirección de Calidade, Atención ao Paciente e Admisión das Xerencias de Xestión Integrada correspondentes ou ao contratista que deberá remitirlas, xunto coa resposta que corresponda, á persoa do contrato, ou ben presentalas directamente ante este último. A persoa responsable do contrato, previo informe da Subdirección de Calidade e Atención ao Paciente das EOXI (Estruturas Organizativas de Xestión Integradas) correspondentes, remitirá unha proposta ao órgano de contratación sobre a suxestión ou queixa recibida.

A obter copia selada de todos os documentos que presenten nas oficinas do adxudicatario, en relación coa prestación do servizo.

A utilizar, á súa elección o galego ou o castelán nas súas relacións coa empresa adxudicataria e cos seus representantes e traballadores.

A acceder a toda información que obre en poder do adxudicatario e sexa precisa para formular queixas e reclamacións sobre a prestación do servizo. Quedan excluídos os documentos que afecten á intimidade das persoas e os relativos a materias protexidas polo segredo comercial ou industrial, así como, en xeral, aqueles que estean protexidos pola lei.

## **8.5. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA (ARTIGO 214 DO TRLCSP)**

Serán obrigas do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do órgano de contratación, será este responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes lle corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o órgano de contratación ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.





## 8.6. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E MODIFICACIÓN DE CONTRATO

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os contratos só poderán ser modificados por razóns de interese público, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos sinalados na normativa vixente na materia. En particular será de aplicación o disposto nos artigos 219, 220 e 282 do TRLCSP.

Igualmente poderanse introducir modificacións consistentes na redución do volume das obrigas ou a ampliación do prazo de execución, debidamente motivadas, atendendo ao abeiro do artigo 31 da Lei 14/2013, da Presidencia da Xunta de Galicia, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao obxecto de garantir o cumprimento dos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria, todo elo sen prexuízo da correspondente responsabilidade a que dera lugar da Administración contratante.

Estas modificacións serán en todo caso obrigatorias para o contratista e deberán ser acordadas polo órgano de contratación, previa tramitación do procedemento previsto no artigo 211 do TRLCSP e 102 do RGLCAP e formalizarse nun documento administrativo de acordo co artigo 156 do TRLCSP.

### Modificacións previstas

1) Modificacións por razóns de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

De acordo co disposto no artigo 106 do TRLCSP, en relación coa Disposición Adicional Terceira da Lei 11/2013, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, o contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales servizos sociais e atención de emerxencias.





A modificación nestes casos poderá ter por obxecto a redución do volume das obrigas, será efectuada na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas, e cun límite máximo do 40% do orzamento do contrato.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 211 do TRLCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto neste prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

2) Este contrato poderá modificarse tamén segundo as seguintes circunstancias:

a) Variacións significativas na demanda efectiva do servizo no caso dos traslados de dentro da Comunidade Autónoma:

Ao cumprirse os dous anos do contrato, poderase modificar este cando, en cada lote, o número de servizos anuais estimados, na anualidade anterior, sexa superior ao 20% dos mesmos.

Esta modificación afectará ao prezo de adxudicación do contrato ata un máximo do 20%.

Condicións da modificación:

- ➔ Ao cumprirse os dous anos do contrato, poderase modificar este cando, en cada lote, o número de servizos anuais estimados, na anualidade anterior, sexa superior ao 20% dos mesmos.
- ➔ Aplicarase un coeficiente de variación do 0,4 sobre a diferenza entre a porcentaxe de incremento dos servizos realizados e o 20%
- ➔ A porcentaxe resultante, do punto anterior, aplicarase sobre o prezo adxudicado do contrato da anualidade que se pretende modificar.

b) Variación no número de quilómetros estimados no caso dos traslados de fóra da Comunidade Autónoma:

Poderase modificar o contrato cando, en cada lote, o número de quilómetros anuais realizados superen o orzamento estimado. O expediente de modificación iniciarase cando o orzamento estimado, tras cada anualidade para cada lote, fose insuficiente para facer fronte a este tipo de servizos.

Esta modificación afectará ao orzamento dos traslados fóra da Comunidade Autónoma da anualidade do lote correspondente ata un máximo do 20%.

### **Modificacións non previstas**

En particular, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións do contrato nos casos previstos ao abeiro do artigo 107 do TRLCSP.

As modificacións tramitaranse de acordo co seguinte procedemento:



- O procedemento iniciárase a instancia do responsable do contrato da Xerencia de Xestión Integrada correspondente, promovendo a súa modificación.
- Comprobación por parte do órgano de contratación de que se cumpren as condicións de modificación do concerto do punto anterior e ditará unha proposta de modificación da que se dará traslado ao contratista, logo do informe da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
- Dar audiencia ao adxudicatario, no prazo máximo de 10 días.
- Unha vez finalizado o prazo concedido ao contratista o órgano de contratación, tralo informe da Asesoría Xurídica ditará resolución, acordando no seu caso a modificación do contrato.

O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 211 do TRLCSP.

### **8.7. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN**

O adxudicatario non poderá acordar con terceiros a cesión dos dereitos e obrigas derivados do contrato, sen a autorización expresa do Servizo Galego de Saúde e rexerese polo disposto no artigo 226 do TRLCSP.

A subcontratación só poderá recaer sobre as prestacións accesorias de acordo co artigo 289 do TRLCSP.

### **8.8. RESPONSABLE DO CONTRATO E DA SÚA EXECUCIÓN**

- A entidade adxudicataria deberá contar cun responsable da execución do contrato que será o único interlocutor válido ante os responsables das Xerencias de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde.

- O responsable do contrato, de acordo co establecido no artigo 52 do TRLCSP, son os titulares de cada unha das Xerencias de Xestión Integrada, que supervisará a súa execución.

Para os efectos do seguimento, análise e avaliación dos obxectivos de calidade, así como o seguimento e a verificación da correcta prestación do servizo e resolución das incidencias que se poidan producir, o responsable do contrato nomeará a unha persoa pertencente a súa Xerencia.

O seguimento e control das tarefas efectuarase en base a reunións periódicas nas que se revisará o grao de cumprimento dos obxectivos e se realizará a avaliación da actividade realizada.

### **8.9. INSPECCIÓN DO SERVIZO**

As Xerencias de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde velarán polo correcto cumprimento das obrigas das empresas concertadas.

A avaliación, control e seguimento do servizo levarase a cabo por persoal das Xerencias de Xestión Integrada que se determine. A actividade a desenvolver implica os seguintes obxectivos:



- Avaliar a calidade na prestación do servizo, en especial: trato aos usuarios, tempo de permanencia nos vehículos, distancias percorridas, tempo de espera e puntualidade recollidos no apartado VIII do prego de prescricións técnicas.
- Revisar os vehículos contratados, comprobando as súas condicións técnico-sanitarias.
- Comprobación da existencia de follas de reclamacións para os usuarios e os seus familiares no interior dos vehículos.
- Avaliar o cumprimento por parte dos facultativos das indicacións para a prescrición das distintas modalidades de transporte sanitario, evitando o seu uso por outras causas distintas das estritamente médicas.
- Establecer enquisas de satisfacción do usuario.
- Comprobar o grao de cumprimento dos termos do concerto en todos os seus aspectos, emitindo proposta de apertura de expediente naqueles casos nos cales se presuma que unha determinada acción ou omisión poida estar incluída entre as causas tipo recollidas no prego e susceptibles de sanción, conforme coas prescricións do prego.
- Avaliar periodicamente o rendemento e os resultados como apoio á toma de decisións sobre o servizo de transporte sanitario.

E aqueles outros recollidos no prego de prescricións técnicas.

## **9 DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES**

### **9.1. FORMA DE PAGAMENTO E FACTURA ELECTRÓNICA**

#### **Forma de pagamento**

A empresa emitirá mensualmente dentro dos 5 primeiros días de cada mes, as facturas polos conceptos que se detallan a continuación polos servizos prestados no mes anterior.

A) **Parte fixa**, correspondente ao 95% da doceava parte do importe anual, dos traslados de dentro da Comunidade Autónoma, canon fixo de adjudicación con independencia do número de servizos realizados .

B) **Parte variable**, correspondente ao 5% polo cumprimento dos obxectivos de calidade, fixados no apartado VIII do prego de prescricións técnicas. Este importe aboarase trimestralmente en función dos citados cumprimentos, agás durante o tempo de adaptación da empresa adjudicataria ao programa TSNUX (Transporte Sanitario non Urxente) que farase a avaliación so dos puntos 4 e 5 dos citados obxectivos de calidade.

C) Factura correspondente ao importe mensual dos quilómetros realizados para os traslados de fóra da Comunidade Autónoma.

O pagamento realizarase por mensualidades vencidas. O Servizo Galego de Saúde terá a obriga de aboar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten mensualmente a conformidade co disposto no contrato dos servizos prestados, e se se demorara, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de 30 días os intereses de demora e a indemnización polos custos de



cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o cómputo de intereses, o contratista deberá de cumprir a obriga de presentar a factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de 30 días desde a data de entrega efectiva das mercancías ou a prestación do servizo. Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos 30 días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e ningún dos documentos que rexan a licitación.

### **Factura electrónica:**

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no RD 1496/2003, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, coa periodicidade e forma establecida no apartado anterior referida ao réxime de pagamentos, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades Anónimas, Sociedades de Responsabilidade Limitada, as Unións Temporais de Empresas, as Agrupacións de Interese Económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as Agrupacións de Interese Económico Europeas (Regulamento (CEE) nº 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria. As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico. O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (regulado na Orde de 12 de febreiro de 2010, DOG nº 31) e á información sobre o mesmo será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> o <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

## **9.2. OBRIGAS ESIXIBLES AO CONTRATISTA**

Con carácter xeral, o contratista está suxeito ao cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo.
- b) Prestar o servizo coa continuidade convida e garantir aos particulares o dereito a utilizalo nas condicións que se estableceran e mediante o pagamento, no seu caso, da contraprestación económica que puidera corresponder.
- c) Aportar os vehículos, equipamento e material preciso para a prestación do servizo.
- d) Coidar da boa orde do servizo, podendo ditar as oportunas instrucións, sen prexuízo dos poderes de policía da Administración.
- e) Indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración.
- f) Manter actualizada a relación de profesionais que van realizar a prestación do servizo, obxecto do contrato, acompañada da certificación do representante da empresa, de que os mesmos non incorren nas circunstancias sobre incompatibilidade que establece a lexislación vixente.



- g) Obter os permisos, licenzas e autorizacións establecidas na normativa vixente que sexan necesarios para o inicio e prestación do servizo contratado.
- h) Facilitar a información e documentación de natureza asistencial e de calquera outra índole que precise o Servizo Galego de Saúde para o que deberá dispoñer dos sistemas informáticos necesarios para o tratamento da información derivada da asistencia aos pacientes, de acordo co establecido no prego de prescricións técnicas.
- i) Garantir os dereitos dos pacientes que sexan atendidos, conforme ao establecido na Lei 8/200, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia e na Lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias.
- j) Garantir que a atención que se preste aos cidadáns con dereito a cobertura sanitaria pública, será a mesma para todos, sen outras diferencias que as sanitarias inherentes á propia natureza do proceso asistencial.
- k) Cumprir todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolta durante toda a vixencia do contrato. No caso de modificacións normativas do transporte o contratista deberá axustar a prestación ás características técnicas e medios persoais e personais exixidos polas citadas normas.
- l) Nos supostos nos que exista un terceiro responsable do pagamento da prestación ou do servizo que se realice, a facturación polos servizos prestados cos medios deste contrato corresponde exclusivamente á Administración contratante de acordo co Anexo IX do R.D 1030/2006, de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde de prestacións sanitarias. En ningún caso procede facturación nin cobro a terceiros por parte do adxudicatario sobre os servizos realizados con vehículos adscritos a este contrato, con independencia de que ditos servizos non se atopen contemplados neste prego. O adxudicatario proporcionará o máximo de información sobre pacientes e/ou compañías ao Servizo Galego de Saúde.
- m) O adxudicatario estará obrigado a realizar un informe anual sobre a prestación do servizo.
- n) O contratista comprométese á substitución da totalidade dos vehículos existentes polos comprendidos na oferta que resulte adxudicataria. Para estes efectos efectos seguirase o protocolo que se establece como Anexo V a este prego.

### 9.3. GASTOS ESIXIBLES AO CONTRATISTA

Son pola conta do contratista os gastos e impostos, anuncios, xa sexa en Boletíns, Diarios Oficiais ou en calquera medio de comunicación, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan en orde a executar correctamente o servizo contratado.

Ademais estará obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE, o imposto que pola realización da actividade puidera corresponder e calquera outro que puidera derivarse da execución do contrato durante a vixencia deste, sen que por tanto poidan ser estes repercutidos como partida independente.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos, a todos os efectos, os tributos de calquera índole que graven os diversos conceptos.



#### **9.4 OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS DO CONTRATISTA**

O persoal adscrito á prestación do servizo contratado dependerá exclusivamente do contratista, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto deste.

O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, de Seguridade Social, de integración social de persoas con discapacidade, de prevención de riscos laborais e de protección ao medio ambiente que se establezan tanto na normativa vixente como nos pregos que rexen esta contratación.

O contratista está obrigado a informar ás Xerencias de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde de calquera folga e/ou incidencia que puidera ter lugar co persoal suxeito a este servizo e que lle afecte, garantindo os servizos mínimos que se establezan. Se tivera coñecemento e non se comunicara, o contrato poderá quedar rescindido.

#### **9.5. SUBROGACIÓN DO PERSOAL**

A empresa adxudicataria deberá subrogarse nos dereitos e obrigas do persoal de acordo co establecido no Convenio Colectivo vixente para as empresas e as persoas traballadoras de transporte de persoas enfermas e accidentadas en ambulancia na Comunidade Autónoma de Galicia.

As empresas interesadas poderán solicitar a relación de persoal que presta servizos no actual contrato de transporte sanitario obxecto deste procedemento, no seguinte enderezo: [orzamentos.ssc@sergas.es](mailto:orzamentos.ssc@sergas.es). Os licitadores terán en conta esta circunstancia nos aspectos organizativos e de xestión da súa oferta así como na proposta económica que presenten.

#### **9.6. CONFIDENCIALIDADE DE DATOS E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A persoa adxudicataria manterá absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non poderá copiar ou utilizar con fin distinto ao que figura neste prego, nin tampouco ceder a outros nin sequera a efectos de conservación, quedando obrigado ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal así como ao disposto no regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal aprobado polo Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Será así mesmo de aplicación a disposición adicional vixésimo sexta do TRLCSP. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e o persoal ao seu cargo serán responsables das infraccións que se deriven del.

O contratista estará obrigado ao seguimento das normas sobre confidencialidade de datos, declarará documentalmente que se responsabiliza do tratamento dos datos de carácter persoal e comprometéndose explicitamente a formar e informar ao seu persoal das obrigas establecidas nesta cláusula. A tal efecto, os empregados da empresa adxudicataria deberán asinar con ela, un pacto de confidencialidade. No caso de incumprimento, a entidade contratante e o seu persoal serán responsables das infraccións que se derivan del.

#### **10. EXTINCIÓN DO CONTRATO**

O contrato extinguirase por cumprimento ou por resolución.





### 10.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo cos termos deste contrato á satisfacción da Administración, a totalidade da prestación.

O contratista queda obrigado a observar no cumprimento do contrato todo o disposto no clausulado deste prego, así como no de prescricións técnicas, e no TRLCSP, en concreto, no relativo ao cumprimento e efectos do contrato de xestión de servizos públicos nos artigos 283 a 285.

### 10.2. PRAZO DE GARANTÍA

Unha vez finalizado o contrato, polo transcurso do período contratado ou por resolución do mesmo, o importe correspondente á garantía será retido polo Servizo Galego de Saúde ata que a imaxe corporativa do Servizo Galego de Saúde sexa retirada dos vehículos, a empresa se comprometa por escrito a non utilizar a uniformidade do seu persoal na realización doutros servizos e o empresario cesante entregue a documentación á que fai referencia o artigo 9 (subrogación do contrato coa Administración) do convenio colectivo de transporte de persoas enfermas e accidentadas en ambulancias de Galicia.

### 10.3. DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, e prestada a conformidade polo órgano de contratación, se non resultaren responsabilidades que deban exercitarse sobre a garantía definitiva, acordarase a devolución e cancelación desta.

### 10.4. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Serán causas de resolución do contrato obxecto deste prego, as sinaladas nos artigos 223, 286 e ss do TRLCSP, as normais polo seu incumprimento e as causas especiais de resolución que a continuación se sinalan:

- a) A acumulación de cinco faltas graves, por unha mesma unidade e no mesmo ano natural.
- b) A acumulación de dúas faltas moi graves, por unha mesma unidade e no mesmo ano natural.
- c) Cando a empresa cesante de traslado da documentación referida no artigo 9 do Convenio Colectivo de transporte de persoas enfermas e accidentadas en ambulancias de Galicia en vigor e a nova adxudicataria se negue a subrogar ao persoal que legalmente corresponda.
- d) A non comunicación e coñecemento da folga e/ou incidencia que puidera ter lugar co persoal suxeito a este servizo e que lle afecte, non garantindo os servizos mínimos que se establezan.

A resolución implicará a perda da fianza, sen prexuízo da esixencia doutras responsabilidades ás que puidera dar lugar.

Santiago de Compostela,  
O Presidente do Servizo Galego de Saúde  
P.D. (Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, Orde 05/07/2012)  
O Xerente do Servizo Galego de Saúde  
Antonio Fernandez-Campa García-Bernardo



## ANEXO I

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dona \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, número \_\_\_\_\_ e DNI número \_\_\_\_\_, en nome (propio), ou (da empresa que representa) \_\_\_\_\_ con CIF \_\_\_\_\_, informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente.

#### **Declaro, baixo a miña responsabilidade:**

1. Que son certos os datos indicados, que a empresa cumpre as condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración e que reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos nos artigos 54 e 72 do texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.
2. Que a empresa reúne os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou no seu caso ten a clasificación sinalada no PCAP.
3. Que non concorren a persoa que asina esta declaración, nin a empresa, nin ningún dos seus administradores ou representantes, en ningunha das circunstancias recollidas como prohibicións para contratar coa Administración no artigo 60 do TRLCSP.
4. Que non forma parte dos órganos de administración ou goberno da empresa, ningún alto cargo aos que se refira a Lei 5/2006, de 10 de abril, de Regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e Altos Cargos da Administración Autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma.
5. Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da empresa, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto destes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).





6. Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local, así como coas súas obrigas coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.
7. Que a empresa se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento no que sexa requirido.
8. Que a empresa se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (marcar o que proceda), e que nas circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.
- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº \_\_\_\_\_ )
- Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº \_\_\_\_\_ )
9. Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a empresa (consignar o que proceda):
- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio que incorra nalgún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
- Pertence ao grupo de empresas..... ou está integrada por algún socio que incorre nalgún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
- a).....
- b).....
- etc.
10. Que coñezo o PCAP e o PPT que serven de base ao contrato e que os acepto incondicionalmente, sen excepción nin reserva algunha, segundo o disposto no artigo 145.1 do TRLCSP.
11. Que autorizo ao órgano de contratación a recadar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.
12. Que me comprometo a aceptar e a dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no enderezo electrónico: .....
13. Que a empresa ten no seu cadro de persoal un número de traballadores fixos con discapacidade superior ao dous por cen (2%) deste (consignar o % que proceda).
14. Que a empresa ten implantado un plan de igualdade.
15. Que coñezo o contido e o alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia [www.sergas.es/Docs/empresa/CODIGO\\_ETICO.pdf](http://www.sergas.es/Docs/empresa/CODIGO_ETICO.pdf)

Lugar, data, selo e sinatura



## ANEXO II

D/Dona.....,con enderezo en .....  
provincia de ..... rúa.....,número.....e NIF....., en nome  
(propio), ou (da empresa que representa).....co CIF.....,  
presenta a súa oferta para a o contrato de xestión de servizos públicos para a prestación de servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente na Comunidade Autónoma de Galicia. Para este efecto, fai constar que coñece o prego de cláusulas administrativas particulares que serve de base á convocatoria, que acepta incondicionalmente as cláusulas, que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e comprométese en nome.....  
(propio ou da empresa que representa), a tomar ao seu cargo os ditos servizos, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións, acorde coa seguinte,

### MODELO DE OFERTA ECONÓMICA

LOTE 1 A CORUÑA		PREZO ANUAL ADMINISTRACIÓN	PREZO OFERTADO
<b>ORZAMENTO DENTRO CCAA</b>		2.856.371,48 euros	
<b>ORZAMENTO FÓRA CCAA</b>			
A1 E A2	0,40 euros * 41.000 Km	16.400,00 euros	
B1 E C	0,91 euros *2.000 Km	1.820,00 euros	
<b>TOTAL</b>		<b>2.874.591,48 euros</b>	



<b>LOTE 2 FERROL</b>		<b>PREZO ANUAL ADMINISTRACIÓN</b>	<b>PREZO OFERTADO</b>
<b>ORZAMENTO DENTRO CCAA</b>		1.584.111,44 euros	
<b>ORZAMENTO FÓRA CCAA</b>			
A1 E A2	0,40 euros *14.200 Km	5.680,00 euros	
B1 E C	0,91 euros *700 Km	637,00 euros	
<b>TOTAL</b>		<b>1.590.428,44 euros</b>	

<b>LOTE 3 SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>		<b>PREZO ANUAL ADMINISTRACIÓN</b>	<b>PREZO OFERTADO</b>
<b>ORZAMENTO DENTRO CCAA</b>		2.489.959,50 euros	
<b>ORZAMENTO FÓRA CCAA</b>			
A1 E A2	0,40 euros * 16.300 Km	6.520,00 euros	
B1 E C	0,91 euros *800 Km	728,00 euros	
<b>TOTAL</b>		<b>2.497.207,50 euros</b>	



<b>LOTE 4 LUGO, CERVO E MONFORTE DE LE MOS</b>		<b>PREZO ANUAL ADMINISTRACIÓN</b>	<b>PREZO OFERTADO</b>
<b>ORZAMENTO DENTRO CCAA</b>		3.294.963,55 euros	
<b>ORZAMENTO FÓRA CCAA</b>			
A1 E A2	0,40 euros * 23.700 Km	9.480,00 euros	
B1 E C	0,91 euros * 1.200 Km	1.092,00 euros	
<b>TOTAL</b>		<b>3.305.535,55 euros</b>	

<b>LOTE 5 OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS</b>		<b>PREZO ANUAL ADMINISTRACIÓN</b>	<b>PREZO OFERTADO</b>
<b>ORZAMENTO DENTRO CCAA</b>		3.570.773,15 euros	
<b>ORZAMENTO FÓRA CCAA</b>			
A1 E A2	0,40 euros * 138.300,00 Km	55.320,00 euros	
B1 E C	0,91 euros * 6.900,00 Km	6.279,00 euros	
<b>TOTAL</b>		<b>3.632.372,15 euros</b>	



<b>LOTE 6 VIGO</b>		<b>PREZO ANUAL ADMINISTRACIÓN</b>	<b>PREZO OFERTADO</b>
<b>ORZAMENTO DENTRO CCAA</b>		3.474.740,28 euros	
<b>ORZAMENTO FÓRA CCAA</b>			
A1 E A2	0,40 euros * 39.500Km	15.800,00 euros	
B1 E C	0,91 euros *2.000 Km	1.820,00 euros	
	<b>TOTAL</b>	<b>3.492.360,28 euros</b>	

<b>LOTE 7 PONTEVEDRA</b>		<b>PREZO ANUAL ADMINISTRACIÓN</b>	<b>PREZO OFERTADO</b>
<b>ORZAMENTO DENTRO CCAA</b>		2.473.545,00 euros	
<b>ORZAMENTO FÓRA CCAA</b>			
A1 E A2	0,40 euros * 12.000 Km	4.800,00 euros	
B1 E C	0,91 euros *600 Km	546,00 euros	
	<b>TOTAL</b>	<b>2.478.891,00 euros</b>	



ANEXO IV

“INCREMENTO DAS CARACTERÍSTICAS NO EQUIPAMENTO E DOTACIÓN DAS  
AMBULANCIAS ”

D./Dna.....en representación da empresa ofertante declara baixo a súa responsabilidade que as ambulancias que esta empresa pon a disposición do Servizo Galego de Saúde para a execución do contrato de xestión de servizos públicos para a prestación de servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente na Comunidade Autónoma de Galicia presentan as seguintes melloras tanto no equipamento como na dotación das mesmas o que figura a continuación:

LOTE:

	TIPO DE AMBULANCIA	Nº DE VEHÍCULOS NOS QUE ESTÁ OU ESTARÁ INSTALADO
CADEIRAS DE EVACUACIÓN		
CADEIRAS ELÉCTRICAS		
AMBULANCIAS A2: MÁIS DE 6 ASENTOS		
ASENTO CONDUCTOR SUSPENSIÓN NEUMÁTICA		

Lugar, data e sinatura

ANEXO V





## ACEPTACIÓN DO PROTOCOLO DE SUSSTITUCIÓN DE ADXUDICATARIO

D./Dña. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_, rúa \_\_\_\_\_, número \_\_\_\_\_ e DNI número \_\_\_\_\_, en nome (propio), ou (da empresa que representa) \_\_\_\_\_ con CIF \_\_\_\_\_, informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de servizos de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente comprométese a aceptar, tanto no caso de que fose a actual empresa adxudicataria do servizo como no de que resultase novo adxudicatario deste nalgún dos lotes que se licitan, todas e cada unha das obrigas respectivas que se expoñen deseguido e que se establecen neste protocolo, que teñen como obxecto o establecemento dun procedemento, de darse o caso, para o suposto de cambio de adxudicatario.

Para estes efectos seguirase o seguinte protocolo:

### 1. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA ACTUAL

a) A empresa deberá facer entrega, antes dunha semana dende a data que lle sinale o Servizo Galego de Saúde, á empresa que resulte adxudicataria deste procedemento e ao interlocutor, que para cada lote, designe o Servizo Galego de Saúde, dun ficheiro informático co listado de pacientes actualizado á data de entrega deste no que figuren o nome e apelidos do usuario, domicilio, teléfonos e os seguintes datos:

- No transporte programado: número de persoas a tratamento e o número de traslados por consultas nos últimos 3 meses.
- No transporte hospitalario o número de altas nos últimos 3 meses.
- No transporte hospitalario o número de servizos interhospitalarios nos últimos 3 meses.

b) A empresa seguirá prestando os servizos de traslados non urxentes e hospitalario urxente ata á data que lle sinale o Servizo Galego de Saúde.

c) A empresa deberá facer entrega do listado actualizado de persoal que presta servizos no actual contrato de transporte sanitario á data que lle sinale o Servizo Galego de Saúde.

### 2. OBRIGAS DA EMPRESA QUE RESULTE ADXUDICATARIA

a) No prazo de dous días despois da notificación da resolución de adxudicación a empresa deberá remitir ao interlocutor designado polo Servizo Galego de Saúde a relación de vehículos que ofertou neste procedemento.

b) No prazo dunha semana a partir da recepción do ficheiro ao que fai referencia o apartado anterior elaborar as notificacións a todos os pacientes que se atopan a tratamento, da circunstancia de cambio da empresa



adxudicataria, que deberá realizarse seguindo as indicacións do interlocutor designado polo Servizo Galego de Saúde, que será quen asine as ditas notificacións.

Lugar, data e sinatura

**PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN NON SUXEITA A REGULACIÓN HARMONIZADA, MEDIANTE DOCUMENTACIÓN SIMPLIFICADA, DO SERVIZO DE TRANSPORTE SANITARIO NON URXENTE (AMBULATORIO E HOSPITALARIO) E O HOSPITALARIO URXENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA (AB-SER4-16-003)**



## I. OBXECTO

## II. MODALIDADES DE SERVIZOS

- Transporte programado
- Transporte hospitalario
- Traslados entre Comunidades Autónomas

## III. EXCLUSIÓNS

## IV. REQUISITOS DOS VEHÍCULOS SANITARIOS QUE PRESTARÁN O SERVIZO

5. Clasificación
6. Características e equipamento
  - B.1. Condicións de uso
  - B.2. Revisións
  - B.3. Substitucións
7. Documentos obrigatorios
8. Dotación mínima de persoal
  - E.1. Titulación e formación
  - E.2. Uniformidade
  - E.3. Atención ao paciente

## V. CARACTERÍSTICAS TECNOLÓXICAS

8. Central de xestión
9. Vehículos
10. Aceptación do sistema

## VI. PARQUE MÓBIL

- Lote 1: Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña
- Lote 2: Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol
- Lote 3: Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela
- Lote 4: Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte
- Lote 5: Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras.
- Lote 6: Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo
- Lote 7: Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra-Salnés

## VII. CONDICIÓNS XERAIS DA PRESTACIÓN DO SERVIZO



1. Transporte programado
2. Transporte hospitalario
3. Traslados fóra da Comunidade
4. Xestión de rutas

## VIII. CRITERIOS DE CALIDADE

### I. OBXECTO

Este prego de prescricións técnicas ten por obxecto fixar as condicións técnicas básicas que rexerán o contrato do transporte sanitario non urxente, tanto ambulatorio como hospitalario, e o hospitalario urxente polo Servizo Galego de Saúde, na Comunidade Autónoma de Galicia.

As ofertas corresponderán á prestación de servizos de asistencia e transporte, que se prescriban a pacientes, aos que o Servizo Galego de Saúde teña o deber legal de cobertura.

O servizo que se contrata será de conformidade cos requisitos recollidos neste prego, o cal ten carácter de mínimos, podendo os licitadores ampliálo nas súas ofertas.

A finalidade última do contrato é a consecución dos máximos niveis de eficiencia na prestación deste transporte sanitario, establecendo os protocolos e procedementos que se estimen necesarios para a consecución de tal fin.

## II. MODALIDADES DE SERVIZO

As modalidades de transporte sanitario que inclúe este contrato son:

- TRANSPORTE PROGRAMADO

Consiste no traslado de enfermos ambulatorios aos centros sanitarios, pertencentes tanto á rede pública do Servizo Galego de Saúde como a centros concertados co mesmo; para recibir asistencia sanitaria de forma programada, xa sexa para consulta, tratamento ou realización de probas e, tralo remate do mesmo, o retorno a seus domicilios, sempre que exista unha imposibilidade física u outras causas médicas que lles impidan ou incapaciten para a utilización de transporte ordinario.

Inclúese neste apartado os traslados en ambulancia contemplados no Real Decreto 1030/2006 concernente a pacientes procedentes doutras Comunidades Autónomas sometidos a tratamentos periódicos, desprazados a nosa Comunidade durante un tempo limitado e que cumpren os requisitos de prestación de transporte sanitario.



- TRANSPORTE HOSPITALARIO

- Ingreso hospitalario: pacientes que se atopan ingresados nun centro concertado e requiran polas súas condicións clínicas traslado en ambulancia a un centro da rede pública do Servizo Galego de Saúde ou aos pacientes que se encontran no seu domicilio, se lles asigna unha cama nun centro da rede pública do Servizo Galego de Saúde ou nun centro concertado co mesmo, e polas súas condicións clínicas requiren e precisan traslado en ambulancia.
- Alta hospitalaria: pacientes aos que se lles prestou asistencia, con ingreso ou ambulatoria, nun centro hospitalario da rede pública ou centros concertados polo Servizo Galego de Saúde e precisan unha ambulancia para retornar a seus domicilios por motivos estritamente médicos.
- Traslados interhospitalarios para a realización de consultas, probas e/ou tratamentos: pacientes que estando ingresados nos diferentes servizos hospitalarios, incluída a hospitalización a domicilio, dos centros pertencentes a rede pública ou centro concertados polo Servizo Galego de Saúde, podan precisar unha consulta, proba ou tratamento que non está na carteira de servizos de dito centro, e tralo remate do mesmo o seu retorno.
- Traslados interhospitalarios para ingresos hospitalarios: o traslado de enfermos entre hospitais cando a capacidade diagnóstica e/ou terapéutica do hospital emisor sexa superada. Tamén inclúe os pacientes que encóntranse no servizo de urxencias e se lles asigna unha cama en outro hospital do mesmo complexo, en outro hospital da rede sanitaria pública ou nun hospital concertado polo sistema público de Saúde de Galicia.
- Transporte interhospitalarios urgentes: refírese ao transporte entre dous centros sanitarios dos enfermos que se encontran nunha situación de urxencia que implique risco vital ou dano irreparable para a saúde.

C. TRASLADOS ENTRE COMUNIDADES AUTÓNOMAS



1. Traslado a outra Comunidade Autónoma: aqueles pacientes beneficiarios do Servizo Galego de Saúde, que cumpren cos requisitos de indicación de transporte sanitario, e precisan traslado fora de Galicia para recibir asistencia sanitaria en centros referentes a nivel nacional en certas patoloxías, técnicas e/ou tratamentos. Estes pacientes poden estar no seu domicilio ou ben ingresados nun centro hospitalario pertencente a rede pública do Servizo Galego de Saúde. E, de selo caso, se fose preciso e indicado polo facultativo, o retorno.
2. Retorno desde outra Comunidade Autónoma: cando un beneficiario do Servizo Galego de Saúde ingrese con carácter de urxencia nun hospital doutra Comunidade, e polas súas condicións clínicas, precise unha ambulancia para seu traslado a un centro galego ou a seu domicilio.

No se incluírán como traslados fóra da comunidade, aqueles que por proximidade dos seus centros, aínda sendo fora da Comunidade, se levan a cabo en virtude de acordos que o Servizo Galego de Saúde establece con Comunidades limítrofes para cubrir determinadas probas complementarias ou terapéuticas.

### III. EXCLUSIÓNS

Calquera que sexa o carácter do servizo, exclúense do ámbito do presente contrato:

16. O traslado de pacientes de domicilio a domicilio, dende domicilios a residencias sociais ou viceversa, dado que estes traslados pertencen ao ámbito non sanitario.
17. O traslado de domicilios particulares ou residencias sociais a dependencias xudiciais.
18. O traslado de órganos e o do persoal sanitario para a realización de transplantes.
19. O traslado de material biolóxico, soporte de probas diagnósticas ou medios terapéuticos que realícense entre centros sanitarios.
20. Os traslados orixinados por programas ou actividades preventivas.
21. Os traslados derivados da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de Saúde de Galicia.





## IV. REQUISITOS DOS VEHÍCULOS SANITARIOS QUE PRESTARÁN O SERVIZO

Todos os vehículos sanitarios adaptaranse ao Decreto 52/2015, de 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia.

### 1. CLASIFICACIÓN

En consonancia co establecido na lexislación vixente, o transporte sanitario realizarase en vehículos especialmente acondicionados e debidamente autorizados que se axusten as seguintes categorías:

5 **Ambulancias non Asistenciais.** Esta categoría de ambulancias comprende as dúas seguintes clases:

5. Ambulancias de clase A1 ou convencionais, destinadas ao transporte de pacientes en padiola.

6. Ambulancias de clase A2 ou de transporte colectivo, acondicionadas para o transporte conxunto de persoas enfermas cuxo traslado non revista carácter de urxencia, nin padezan enfermidades infecto-contaxiosas.

6 **Ambulancias Asistenciais.** Esta categoría de ambulancias comprende as dúas seguintes clases:

- Ambulancias de clase B ou de soporte vital básico e atención sanitaria inicial.

- Ambulancias de clase C, ou de soporte vital avanzado.

Todas estas ambulancias deberán contar co persoal necesario, segundo o Decreto 52/2015, de 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia, a cargo da empresa adxudicataria, agás no caso de precisar persoal sanitario este pertencerá ao Servizo Galego de Saúde.

Todos estes vehículos en canto ás súas características, equipamento e persoal axustaranse á normativa vixente en cada momento.

As empresas poderán ofertar vehículos sobre os que posúan pleno dereito de uso resultante de:

- Propiedade ou usufruto.
- Arrendamento financeiro (leasing).
- Arrendamento nas condicións previstas na Sección 1a do Capítulo IV do Título V do R.D. 1211/1990, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación dos Transportes Terrestres, e normas ditadas para o seu desenvolvemento.

## 2. CARACTERÍSTICAS E EQUIPAMENTO

As características dos vehículos de transporte sanitario por estrada, calquera que sexa a súa clase, **e independentemente da data de matriculación**, serán as determinadas no Anexo I do Decreto 52/2015, de 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario, de conformidade co artigo 3 do Real decreto 836/2012, de 25 de maio, e sen prexuízo do establecido na lexislación de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, así como na normativa sectorial de transporte terrestre.

Ademais todas as ambulancias de clase A2, ou de transporte colectivo:

1. Disporán de padiola de dimensións adecuadas para o traslado dunha persoa adulta, con dobre cinto de seguridade, situada no sentido da marcha.
2. Disporán en cada zona de cada lote, un mínimo de dúas cadeiras de evacuación pregadas, con rodas móbiles que permitan o transporte do paciente e patíns ou rodeiro para baixar escaleiras. Disporán de ancoraxes de seguridade.

### B.1. CONDICIÓN DE USO

Os vehículos deberán manterse en todo momento en perfectas condicións de uso e limpeza, tanto no seu exterior como no seu interior, con todo o seu equipamento e material.



A empresa adxudicataria disporá dun Plan de revisión, conservación, así como de limpeza e desinfección dos vehículos. Así se garantirá a revisión, conservación e mantemento de cada vehículo operativo e de cada unidade adicional mínima, de xeito que se garante a continuidade do servizo nos cambios de quenda que puideran producirse. Igualmente garantirá a limpeza e desinfección dos vehículos, incluída a cabina asistencial.

## B.2. REVISIÓNS

A empresa disporá dun rexistro de cada un dos procedementos de limpeza e desinfección que inclúa como mínimo os seguintes datos: data e hora, identificación do vehículo, produto utilizado e identificación do responsable que realizou a limpeza-desinfección. O dito rexistro estará a disposición do Servizo Galego de Saúde.

Os vehículos postos a disposición do servizo obxecto desta contratación poderán ser inspeccionados polo Servizo Galego de Saúde, en calquera momento previo ou posterior á adxudicación do contrato, para supervisar o cumprimento dos requisitos esixidos neste prego de prescricións técnicas, debendo a empresa desprazar estes ao lugar e no momento e condicións que se indiquen.

## B.3. SUBSTITUCIÓNS

As substitucións poder estar motivadas polas seguintes causas:

3.4.1. Imprevistas: serían as producidas por circunstancias inesperadas como son: avarías, accidentes u outras similares.

A substitución dun vehículo por causas imprevistas realizarase sempre que se prevexa unha inoperatividade superior a unha hora, e tal substitución farase efectiva nun prazo inferior a 4 horas.



3.4.2. Previstas: serían as producidas polas operacións de mantemento e revisión ( inspección técnica de vehículos, inspección técnica sanitaria, etc) e deben ser comunicadas cunha antelación de alomenos 48 horas.

A substitución dun vehículo por causas previstas non suporá ningunha demora na súa substitución.

As suspensións de actividade temporal que poidan ser previstas comunicaranse con 48 horas de antelación. Se a substitución fora permanente, avisarase desta modificación con 15 días de antelación. Calquera suspensión imprevista de actividade, comunicarase no mesmo día.

Tanto se a substitución fose temporal como permanente, os vehículos serán substituídos por outros de idénticas ou superiores características, de igual ou menor antigüidade e respectando o establecido neste prego.

### C) DOCUMENTOS OBRIGATORIOS

Todo vehículo para a prestación dos servizos obxecto deste concurso deberá dispoñer da seguinte documentación:

1. Autorización da Delegación de Industria coas características do vehículo.
2. Tarxeta de inspección técnica do vehículo.
3. Permiso de circulación.
4. Pólizas de seguro obrigatorias.
5. Tarxeta visada de transporte.
6. Certificación técnico-sanitaria do vehículo.
7. Certificación do carroceiro que a ambulancia cumpre os requisitos do Decreto 52/2015, de 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia
8. Libro rexistro de inspeccións para a Certificación Técnico Sanitaria.
9. Libro de rexistro de limpeza e desinfección do vehículo e material.
10. Calquera outra documentación esixida na lexislación vixente e a que poda promulgarse na duración desde contrato.



11. Follas de reclamación a disposición do usuario, no que poderá facer constar todas as observacións en relación co servizo que crea oportunas.

#### D) DOTACIÓN MÍNIMA DE PERSOAL

De conformidade co previsto no artigo 4 do Real decreto 836/2012, de 25 de maio, os vehículos destinados a la prestación dos servizos de transporte sanitario por estrada deberán contar coa dotación mínima de persoal prevista no Anexo II do Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario, garantindo a empresa súa presenza en todos os casos.

As ambulancias cunha dotación mínima dun condutor poderán precisar doutro en funcións de axudante cando este último sexa necesario.

A dotación mínima de persoal con que deberá contar en todo caso a empresa ou entidade, pertencerá ao cadro de persoal da empresa ou entidade titular da autorización de transporte sanitario.

Todas estas ambulancias deberán contar co persoal necesario, segundo o Decreto 52/2015, de 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na Comunidade Autónoma de Galicia, a cargo da empresa adxudicataria, agás no caso de precisar persoal sanitario este pertencerá ao Servizo Galego de Saúde.

A empresa titular dos vehículos deberá acreditar ante a autoridade sanitaria competente que o persoal vinculado a ela, que forme parte da dotación dos vehículos, cumpre cos requisitos de formación esixidos. Calquera variación na relación de persoal aportada pola empresa no momento de obter a certificación técnico-sanitaria, deberá ser tamén comunicada.



O incumprimento do anteriormente sinalado poderase sancionar segundo o disposto na Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade e as normas ditadas para a súa execución e desenvolvemento.

## D.1 TITULACIÓN E FORMACIÓN

Todo o persoal adscrito as empresas adxudicatarias deberá ter a titulación que estableza a lexislación vixente en cada momento, para o posto de traballo que desempeñe.

As empresas presentaran un Plan de formación dos seus profesionais, que dea resposta ás competencias necesarias para cada posto de traballo. O custo de dito Plan corresponderá integramente á empresa adxudicataria.

Ademais asegurará, tanto a formación do persoal de nova incorporación, como a formación continuada de todo o persoal, que alomenos incluíra unha capacitación suficiente aos seus profesionais, un calendario de mantemento de competencias para minimizar a perda de habilidades e un sistema de valoración obxectiva que garanta os coñecementos e adestramento segundo as necesidades de cada posto de traballo.

As empresas disporán deste plan de formación ao longo da vixencia do contrato que polo menos:

5. Deberá incluír accións formativas flexibles, personalizadas e dirixidas as necesidades de cada posto de traballo.
6. Deberá fomentar e ter en conta as suxestións dos traballadores.
7. Deberá garantir o mantemento das competencias.

A lo menos incluíra as seguintes actividades formativas:

### *Asistenciais*

2. Procedementos e protocolos do servizo.
3. Comunicacions e utilización de equipos de transmisión da información.



4. Medidas de continxencia e continuidade do servizo.
5. Mobilización e traslado seguro do paciente.
6. Seguridade do paciente.
7. Aspectos éticos e legais (LOPD).

#### *Prevenición e Seguridade*

- ✓ Condución segura.
- ✓ Prevención de riscos laborais.

#### *Transversais*

- Formación lingüística:galego.
- Condución sostible e eficiente.
- Traballo en equipo.
- Xestión de conflitos.
- Prevención de estrees.

As empresas adxudicatarias estarán obrigadas a facilitar a todos seus traballadores todos os manuais, protocolos o instrucións relacionadas con esta prestación de transporte sanitario que emita o Servizo Galego de Saúde e organismos competentes.

As empresas adxudicatarias remitirán, cando así se solicite polo Servizo Galego de Saúde, a relación nominal completa dos traballadores, D.N.I., categoría profesional, carné de conducir ambulancias (BTP), etc.

## D.2. UNIFORMIDADE

El persoal da empresa adxudicataria deberá vestir debidamente uniformado, e co calzado axeito, que cumprirá coa lexislación vixente en materia de seguridade e prevención de riscos laborais, segundo a época do ano. Ademais cada persoa en servizo levará consigo una tarxeta de identidade laboral que deberá permanecer visible en todo momento. Como mínimo constará a denominación da empresa adxudicataria, o nome e apelidos do traballador.



O persoal manterá especiais condicións de hixiene tanto no seu aseo persoal como no vestiario e os elementos que utilice, sendo a súa reposición e limpeza por conta das empresas adxudicatarias.

### D.3. ATENCIÓN AO PACIENTE

As empresas adxudicatarias e todo o seu persoal están obrigados a respectar os dereitos dos pacientes que establece a normativa vixente, así como a que se puidese promulgar durante a execución deste contrato, e en especial:

- Respecto a la personalidade, dignidade humana e intimidade e á non discriminación.
- Dereito á confidencialidade de toda a información relacionada con seu proceso e estarán suxeitos ao deber de segredo e a todas as normas emanadas da aplicación da Lei de protección de datos de carácter persoal.

O persoal que presta servizos neste transporte sanitario deberá seguir escrupulosamente as normas de comportamento emanadas do Servizo Galego de Saúde.

O tratamento dispensado polo equipo humano, tanto ao paciente como as persoas do seu entorno, será exquisito en todo momento tanto no aspecto humano como no profesional.

Todos os pacientes terán a súa disposición follas de reclamación en todos os vehículos, a empresa adxudicataria será responsable de que en todo momento exista cantidade suficiente de follas de reclamación nos vehículos, que sexan visibles e de informar aos usuarios da súa existencia e do lugar indicado pola Estrutura Organizativa de Xestión Integrada onde, os pacientes, deberan entregalas.



## V. CARACTERÍSTICAS TECNOLÓXICAS

A empresa adxudicataria de cada lote disporá dunha central de xestión que estará operativa as 24 horas do día todos os días do ano.

A dita central ten que garantir a recepción de servizos, a planificación, a mobilización dos seus vehículos e a xestión, de forma óptima, dos traslados sanitarios indicados polo Servizo Galego de Saúde, correspondentes á súa zona xeográfica.

Naqueles lotes, cuxa actividade no horario comprendido entre as 12:00 horas da noite e as 6:00 horas da mañá, sexa baixa, permitirase un sistema de asignación automática aos vehículos de garda polo programa informático da empresa, previa validación do sistema e sempre que o autorice o Servizo Galego de Saúde.

Esta central de xestión porá a disposición do Servizo Galego de Saúde un teléfono de contacto operativo as 24 horas do día é outro alternativo ante posibles continxencias.

### 2. CENTRAL DE XESTIÓN

Cada central de xestión dotarase dunha serie de postos de operador, dotados do software necesario para dar soporte ao servizo.

Neste sentido, a empresa adxudicataria disporá dunha plataforma informática que deberá contemplar ao menos as seguintes funcionalidades:

4. Xestión automatizada de peticións e servizos entre a Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde e a empresa adxudicataria.
5. Seguemento da flota de vehículos a tempo real.
6. Integración coas ambulancias en tempo real para comunicación de:
7. Ordes de traballo, rutas, etc.
8. Mensaxes de texto
9. Códigos de estado, tempos, incidencias, etc.
7. Integración cos sistemas informáticos da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde en tempo real para recibir as ordes de traballo pendentes e informar dos



estados de planificación e execución, así como das posibles incidencias, polo que as empresas adxudicatarias disporán dun prazo máximo de seis meses a partires do inicio da vixencia do contrato para a dita integración. Ademais esta integración levarase a cabo segundo as indicacións recollidas no documento técnico de integración coa plataforma da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde (As empresas interesadas poderán solicitar esta documentación no seguinte enderezo: [orzamentos.ssc@sergas.es](mailto:orzamentos.ssc@sergas.es))

8. Opcionalmente poderase requirir un módulo de xestión de rutas para a planificación óptima dos traballos.
9. Capacidade de establecer ou recibir comunicacións telefónicas cos pacientes e cos servizos sanitarios solicitantes da prestación.
10. Elementos de alta dispoñibilidade: SAI (Sistema de Alimentación Ininterrompida), servidores con elementos redundantes, postos adicionais, etc.

### 3. VEHÍCULOS

Todos e cada un dos vehículos disporán dun dispositivo embarcado, alomenos coas seguintes funcionalidades:

- Aplicación informática para dar soporte ás actividades requiridas.
- Localizador de posición a tempo real mediante GPS.
- Lector de tarxetas sanitarias dos pacientes: Asociarase a cada lectura un estado (paciente entra no vehículo, paciente sae do vehículo), unhas coordenadas e unha marca de tempo. O sistema distinguirá perfectamente e comunicará a Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde cando a identificación dun paciente faise mediante lectura da tarxeta ou non.
- En ningún caso farase “caché” da información de identificación do paciente.
- Comunicación en tempo real coa central de xestión mediante datos celulares.
- Navegador incorporado, con cartografía actualizada.
- Posibilidade de visualizar no navegador os puntos de recollida/entrega dos pacientes, así como as características do servizo (con acompañante, destino, etc.)



- Poder visualizar rutas transmitidas de forma telemática desde a central de xestión.
- Almacenamento de coordenadas e estados coas súas marcas horarias cando non haxa conexión dispoñible. Reenvío cando a conexión volva a estar dispoñible.
- Cada vehículo contará coas liñas de comunicación de voz e datos necesarias, a cargo da empresa adxudicataria.
- Así mesmo dotarase co soporte técnico necesario para resolver posibles incidencias nos dispositivos das ambulancias, previndo a substitución rápida (resolución nun tempo máximo de 4 horas laborais).

#### 4. ACEPTACIÓN DO SISTEMA

A determinación da validez ou non do citado sistema informático corresponde por enteiro á Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde, no concernente á seguridade, intercambio de información, sincronización, canais comúns de comunicación, contido e mensaxes intercambiados utilizados. Neste sentido serán de aplicación as seguintes consideracións:

1. **Comunicacións:** empregaranse liñas seguras e redundantes, segundo os parámetros da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde e as comunicacións coa central de xestión e a Consellería estarán protexidas mediante certificados dixitais.
2. **Mecanismos de integración:** os diálogos entre os sistemas da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde e os de cada empresa adxudicataria basearanse no uso de "servizos web". O formato, tipoloxía e frecuencia das mensaxes será establecido pola Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde, así como os ficheiros mestres que utilicen para estas mensaxes (tipos de servizo, tipos de vehículo, periodicidade, códigos de tipo de incidencia, etc.).
3. **Sistemas de respaldo:** proverase dun sistema telefónico de respaldo para poder seguir funcionando en caso de caída do sistema ou das liñas. Posteriormente deberase recoller



no sistema a actividade realizada durante esa parada.

4. **Seguridade na información:** adoptaranse todas as medidas de seguridade correspondentes ao nivel alto segundo a normativa da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

#### Evolución e incorporación de melloras

Os adxudicatarios comprométese a facer evolucionar os seus sistemas e incorporar as peticións da Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde.

Realizaranse as melloras que se consideren necesarias para a mellora do sistema, realizándose 2-4 versións ao ano. Pactarase coa a empresa o tempo de desenvolvemento destas; que en ningún caso será superior a 6 meses.

O desenvolvemento levarase a cabo seguindo as boas prácticas de desenvolvemento de software e da xestión dos sistemas de información.

A distribución das novas versións, farase de forma ordenada, sen interromper o servizo de forma non razoable, e sempre avisando con anterioridade e contando coa aprobación previa dos responsables designados pola Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde.

#### Auditoría

Os adxudicatarios aceptan que os seus sistemas sexan auditados polo persoal técnico da Administración, ou ben polas empresas designadas por esta a tal efecto. Estas auditorías poderán levarse a cabo sen aviso previo e coa frecuencia que se estime adecuada. Isto afecta tanto á central de xestión como aos vehículos, e en xeral a calquera sistema relacionado co proxecto. Para iso pode requirirse acceso remoto á plataforma.

#### Plan de continxencia

Incrementaranse as medidas técnicas e organizativas e dotaranse os medios necesarios para poder seguir traballando no caso de fallo de algún dos elementos que compoñen o sistema.

Un modo de fallo ao que debese prestar especial atención é o seguinte: fallo nas comunicacións entre a central de xestión e a Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde. No caso de producirse un fallo de este tipo, os usuarios solicitantes de ambulancias nos centros do Servizo Galego de Saúde percibirán unha indicación no seu sistema informando que as súas peticións non foron debidamente procesadas, e pasarán a cursar as solicitudes por vía telefónica.

A central de xestión deberá contar cos medios técnicos e humanos para poder recibir estas solicitudes telefónicas.

Deben preverse tamén outros modos de fallo, como por exemplo:

5. Fallo da comunicación informática entre a central de área e unha ou mais ambulancias.
6. Fallo das aplicacións informáticas.
7. Fallo dos servidores.

En xeral, será responsabilidade da empresa adxudicataria dotar todos os medios necesarios, preventivos e correctivos, para un bo funcionamento do sistema.

## **VI. PARQUE MÓBIL**

O obxecto deste contrato fracciónase en sete lotes que, corresponden a cada unha das Estruturas Organizativa de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saúde.

Os licitadores terán en conta, que independentemente da localización dos pacientes, estes poderán ser derivados a calquera centro sanitario galego (público ou concertado), que o médico solicitante do servizo determine, en base a criterios asistenciais e seguindo as directrices marcadas polo Servizo Galego de Saúde.


O transporte que se contrata presenta unha maior demanda de luns a venres, aínda que tamén existe unha demanda menor en sábados e domingos, tanto en horario de mañá, tarde e noite.

Polo que, cada Estrutura de Xestión Integrada vai ser a encargada de fixar as franxas horarias de todos os vehículos e a ubicación destes (tanto localizados, é dicir, cun tempo de resposta máximo de 20 minutos, como presencial), poder facer modificacións en función das súas necesidades, comunicándoo á empresa adxudicataria con dous días de antelación. **En ningún caso a empresa adxudicataria terá a capacidade para realizar cambios nestes sen autorización.**

O parque a utilizar en cada momento será o necesario para atender todos os servizos, nas condicións recollidas neste prego, ***aínda que estes teñan que ser maiores que os exixidos ou os adicionais ofertados.***

O Servizo Galego de Saúde indica a continuación a estimación do parque mínimo necesario onde se detalla o número de vehículos, que se establece como garantía básica do cumprimento global do servizo, e o parque adicional que oferten os licitadores constitúe un reforzo de tales garantías.

#### 4 **LOTE 1: Servizos do transporte sanitario da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de A Coruña.**



Área de poboación 552.918 hab. (Datos del IGE a un de xaneiro de 2014)

##### Cobertura de concellos

Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabanas de Bergantiños, Camariñas, Cambre, Carballo, Carral, Cee, Cerceda, Coirós, Corcubión, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Curtis, Dumbría, Fisterra, Irixoa, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Miño, Muxía,



Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Ponteceso, Sada, Sobrado, Vilamaior, Vilasantar, Vimianzo e Zas.

### Cobertura hospitalaria

- ✓ O transporte sanitario do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña.
- ✓ O transporte sanitario do Hospital Virxe da Xunqueira.
- ✓ O transporte sanitario dos pacientes autorizados polo Servizo Galego de Saúde en centros concertados da zona.
- ✓

Número de servizos estimados: 195.000

**Para a prestación deste servizo estímase a seguinte dotación mínima necesaria para a cobertura da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña:**

### Zona da Coruña


TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	4
A2	23
C	2

### Zona de Cee

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	2
A2	14
C	2

## 5 LOTE 2

Servizos do transporte sanitario da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol.



Área de poboación 197.854 hab. (Datos del IGE a un de xaneiro de 2014)

### Cobertura de concellos

Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes de García Rodríguez, San Sadurniño, As Somozas e Valdoviño.

#### Cobertura hospitalaria

4. O transporte do Complexo Hospitalario Universitario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos de Ferrol
5. O transporte sanitario dos pacientes autorizados polo Servizo Galego de Saúde en centros concertados da zona.


Número de servizos estimados: 70.000

#### **Para a prestación deste servizo estímase a seguinte dotación mínima necesaria para a cobertura da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol**

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	7
A2	17
C	3

#### 6 LOTE 3

Servizos do transporte sanitario da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.



Área de poboación estimada 453.714 hab. (Datos del IGE a un de xaneiro de 2014)

#### Cobertura de concellos

Agolada, Ames, Arzúa, A Baña, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Carnota, Dodro, Dozón, A Estrada, Frades, Lalín, Lousame, Mazaricos, Melide, Mesía, Muros, Negreira, Noia,

Ordes, Oroso, Outes, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rodeiro, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Silleda, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valga, Vedra e Vila de Cruces.

Cobertura hospitalaria

6. O transporte do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.
7. O transporte do Hospital do Barbanza.
8. O transporte sanitario dos pacientes autorizados polo Servizo Galego de Saúde en centros concertados da zona.

Número de servizos estimados: 157.000

**Para a prestación deste servizo estímase a seguinte dotación mínima necesaria para a cobertura da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela:**

**Zona de Santiago de Compostela**

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	12
A2	12
C	1

**Zona do Barbanza**


TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	6
A2	12
C	1

**7 LOTE 4**

Servizos do transporte sanitario da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, A Mariña e Monforte.

Área de poboación estimada 342.748 hab. (Datos do IGE a un de xaneiro de 2014)

Cobertura de concellos



Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Orol, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra do Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove.

### Cobertura hospitalaria

- ✓ O transporte hospitalario do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo.
- O transporte hospitalario do Hospital da Costa.
- O transporte hospitalario do Hospital Comarcal de Monforte.
- O transporte sanitario dos pacientes autorizados polo Servizo Galego de Saúde en centros concertados da zona.

Número de servizos estimados: 120.000

**Para a prestación deste servizo estímase a seguinte dotación mínima necesaria para a cobertura da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monfore de Lemos:**

### **Zona de Lugo**

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	9
A2	32
C	1

### **Zona A Mariña**

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	4



A2	6
C	1

### Zona de Monforte

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	3
A2	8
C	1

### 8 LOTE 5


Servizos do transporte sanitario da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras

Área de poboación estimada 322.293 hab. (Datos do IGE a un de xaneiro de 2014)

#### Cobertura de concellos

Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Beade, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, Gomesende, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira,

Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, A Merca, A Mezquita, Montederramo, Monterrei, Muiños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Ourense, Paderne de Allaríz, Padrenda, Parada do Sil, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Pontedeva, Porqueira, Punxín, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Taboadela, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Vereia, Verín, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio,



Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.

### Cobertura hospitalaria

- O transporte hospitalario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
- O transporte hospitalario do Hospital de Valdeorras.
- O transporte hospitalario do Hospital de Verín.

O transporte sanitario dos pacientes autorizados polo Servizo Galego de Saúde en centros concertados da zona.

Número de servizos estimados: 125.000

**Para a prestación deste servizo estímase a seguinte dotación mínima necesaria para a cobertura da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras:**

### **Zona Ourense**

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	4
A2	26
C	3

### **Zona de Valdeorras**


TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	2
A2	10
C	1

### **Zona de Verin**

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
A1	2
A2	11
C	1

## 9 LOTE 6

Servizos do transporte sanitario da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo.



Área de poboación estimada 568.332 hab. (Datos do IGE a un de xaneiro de 2014)

### Cobertura de concellos

Arbo, Baiona, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Ponteareas, O Porriño, Redondela, O Rosal, Salceda de

Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui e Vigo.

### Cobertura hospitalaria

- O transporte hospitalario del Complejo Hospitalario Universitario de Vigo.
- Os pacientes pertencentes ao Servizo Galego de Saúde do centro concertado POVISA a excepción das altas hospitalarias.
- O transporte sanitario dos pacientes autorizados polo Servizo Galego de Saúde en centros concertados da zona.

Número de servizos estimados: 225.000

**Para a prestación deste servizo estímase a seguinte dotación mínima necesaria para a cobertura da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo:**

TIPO DE AMBULANCIA	NÚMERO
--------------------	--------



A1	8
A2	45
C	3

## 10 LOTE 7

Servizos do transporte sanitario da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra- Salnés.

Area de poboación estimada 310.836 hab. (Datos do IGE a un de xaneiro de 2014)

### Cobertura de concellos

Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Catoira, Cerdedo, Cotobade, Cuntis, Forcarei, O Grove, A Illa de Arousa, A Lama, Marín, Meaño, Meis, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Soutomaior, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.



### Cobertura hospitalaria

- O transporte hospitalario do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra.
- O transporte hospitalario do Hospital do Salnés.
- O transporte sanitario dos pacientes autorizados polo

Servizo Galego de Saúde en centros concertados da zona.

Número de servizos estimados: 150.000

**Para a prestación deste servizo estímase a seguinte dotación mínima necesaria para a cobertura da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra-O Salnés**

AMBULANCIA	NÚMERO
A1	4
A2	31
B	1



C

2

## VII. CONDICIONES XERAIS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

O transporte sanitario **será sempre indicado por un facultativo** de acordo á lexislación vixente e en conformidade co procedemento regulado para tal efecto polo Servizo Galego de Saúde.

Toda a información referente aos pacientes subsidiarios desta prestación, autorización de acompañante e características de traslado serán comunicados polo Servizo Galego de Saúde a cada central de xestión pola aplicación deseñada *ad hoc* Xestión do Transporte sanitario non urxente (en diante TSNUX).

En ningún caso, poderá rexeitarse a realización dun traslado, non facelo nas condicións solicitadas ou poñer impedimento a este. Neste sentido todos os traslados realizaranse nos termos e condicións establecidos na solicitude dos mesmos, sendo esta competencia exclusiva do Servizo Galego de Saúde.

A prestación do servizo axustárase en todo momento á normativa vixente sobre transporte sanitario, ás normas contidas no prego de Cláusulas Administrativas, ás contidas neste prego Técnico e, en todo momento ás directrices que marque o Servizo Galego de Saúde.

Os vehículos establecidos para unha mesma área están obrigados a garantir a súa operatividade simultaneamente dentro das franxas horarias establecidas.

As Estruturas Organizativas de Xestión Integrada do Servizo Galego de Saude deberán garantir que todas as solicitudes do transporte se adecúen á normativa vixente e adoptarán as medidas necesarias en todas aquelas incidencias que poidan supoñer mingua nos dereitos dos pacientes ou que afecten á prestación do servizo.

### A) Transporte programado



Os traslados de pacientes correspondentes ao **transporte programado**, como se poden prever con antelación, serán solicitados, con carácter xeral, cunha programación mínima de dous días e con carácter excepcional, poderá solicitarse cunha antelación inferior sempre que exista unha causa que o xustifique (cambio de cita, cita inmediata ou outro motivo asistencial).

Os pacientes que dependan do Servizo de Hospitalización a Domicilio, cando requiran un traslado de transporte programado, poderase solicitar este no mesmo día.

O servizo realizarase accedendo ao domicilio do paciente dende o lugar máis idóneo e utilizando a porta dos centros asistenciais que determinen as Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, que garanticen a mobilización máis áxil e segura dos enfermos, realizándose ao pé da cama, se fose necesario.

Como norma xeral, a recollida en domicilio realizarase cunha antelación non superior a unha hora e con chegada ao centro sanitario non superior a 30 minutos. Os regresos a domicilio non poderán exceder dunha hora de espera para o paciente. Os pacientes que residan en concellos illados ou de difícil acceso considéranse excepcións a este parágrafo.

Nesta modalidade de transporte sanitario, de forma preferente, estará indicado que o traslado se realice de maneira colectiva (ambulancia tipo A2), quedando reservada a posibilidade de traslado individual (ambulancia tipo A1) por causas excepcionais ou asistenciais (causa clínica do paciente).

As Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, facilitarán en todos os casos en que sexa posible, a agrupación, na mesma franxa horaria, dos pacientes en función da súa residencia, favorecendo o traslado colectivo destes.

## B) Transporte hospitalario

Nos centros sanitarios, segundo as necesidades, os profesionais da empresa acompañarán ao paciente na padiola ou cadeira ata o punto que se considere necesario segundo a organización de cada centro e as características do paciente. Os centros sanitarios na medida do posible acelerarán a recepción dos pacientes, a retención ou espera da ambulancia estará so xustificada por motivos asistenciais.

Os pacientes serán recollidos e transferidos nas habitacións indicadas nas prescricións/solicitudes, en padiola ou cadeira. Naqueles casos nos que os profesionais da empresa de transporte o precisen, deberán ser apoiados polo persoal das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada, en función dos procedementos internos que cada unha delas estableza coa empresa adxudicataria.

Por norma xeral, os servizos hospitalarios non programados, é dicir, solicitados cunha antelación inferior a 12 horas e simultáneos, axustaranse á seguinte priorización:

- ✓ Ingresos procedentes dos servizos de urxencias.
- ✓ Altas dende o servizo de urxencias.
- ✓ Traslados intercentros para a realización de probas complementarias e/ou tratamentos.
- ✓ Ingresos dende outros servizos.
- ✓ Altas desde planta.

De todos os xeitos o servizo de Admisión do centro emisor, poderá modificar a priorización por mor de criterios asistenciais ou de organización.

### C) Traslados fóra da Comunidade

Os solicitados cunha programación (cun mínimo de dous días) realizaranse co tempo adecuado para que os pacientes poidan estar no centro extracomunitario cunha hora mínima de antelación ás súas citas.

Nos servizos, que por motivos asistenciais non sexa posible unha programación, informarase ao Servizo da Admisión da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada solicitante dos tempos aproximados, para unha mellor coordinación co centro extracomunitario.

Nas altas hospitalarias orixinadas nos hospitais doutras Comunidades, que non exista programación, é dicir, solicitados no mesmo día, permitirase unha demora de 24 horas dende a data de solicitude.

#### D) XESTIÓN DE RUTAS

A empresa adxudicataria encargarse de estudar e planificar as rutas dos servizos e as comunicacións cos domicilios dos pacientes, con antelación suficiente á data do traslado.

Os itinerarios de cada ruta serán variables, adaptándose ás localidades e domicilios dos enfermos e a localización dos centros sanitarios de destino, tendo en conta ademais os horarios de recollida, tratamento e presenza dos enfermos nos centros sanitarios correspondentes.

A agrupación de pacientes en cada itinerario realizárase de maneira que eviten demoras innecesarias e esperas prolongadas tanto na recollida como no destino, así como, longos recorridos que obriguen aos pacientes a unha permanencia excesiva na ambulancia de transporte.

No caso de transporte hospitalario, a agrupación de pacientes, sós ou acompañados por persoal de enfermería, deberá ser indicada e supervisada polo servizo de Admisión.



En todos os casos, tanto en traslados individuais como colectivos, a ruta elixida será a máis segura e a que ofrezca as mellores condicións técnico-sanitarias e de confort para o paciente, en todo caso evitaranse as demoras innecesarias e inxustificadas na realización destes.

O traspaso dun paciente dun vehículo a outro, durante o percorrido, unicamente poderá realizarse en circunstancias excepcionais como por exemplo unha avaría ou accidente. En ningún caso poderán ser recollidos ou deixados nun lugar distinto ao indicado na solicitude tanto no centro sanitario como no domicilio do paciente.

Para unha optimización dos recursos, todos os vehículos estarán a disposición das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada e serán mobilizados en función das súas necesidades.

Cada unha das ambulancias notificará vía telemática, a tempo real, todos os cambios de estado e os tempos solicitados. A comunicación dos pacientes trasladados realizarase mediante a lectura da tarxeta sanitaria.

Todas as ambulancias comunicarán, durante os seus servizos, as incidencias detectadas neste.

## VIII. CRITERIOS DE CALIDADE

Os criterios de calidade que se avaliarán a partir da implantación do programa informático da xestión do servizo serán:

1. Comunicación dos tempos e incidencias solicitadas de forma telemática: Neste criterio incluíranse todos os rexistros horarios tanto de inicio de actividade



como durante o traslado de pacientes e este criterio terá un peso dun 60% da parte variable. O obxectivo para os dous primeiros anos é dun 75%.

2. Cumprimento de indicadores de tempos de resposta hospitalarios para os traslados non urxentes e urxentes. Este criterio terá un peso dun 10% da parte variable. O obxectivo para os dous primeiros anos será o seguinte:

- Altas hospitalarias:

Das solicitudes pedidas mensualmente, con máis dunha hora de antelación, o 55% de pacientes realizarase o traslado nun tempo inferior a unha hora de demora, en ningún caso poderase superar as 5 horas de demora.

- Traslados interhospitalarios:

De todas as solicitudes pedidas mensualmente o 75 % dos pacientes realizarase o traslado nun tempo inferior a unha hora de demora (valorarase sobre a hora da cita), en ningún caso poderá superar as 4 horas de demora.

- Ingresos hospitalarios:

De todas as solicitudes pedidas mensualmente o 70 % dos pacientes realizarase o traslado nun tempo inferior a unha hora de demora (valorarase sobre a hora da cita), en ningún caso poderá superar as 4 horas de demora.

- Traslados urxentes:

De todas as peticións solicitadas mensualmente con carácter urxente o 80 % a ambulancia estará no hospital emisor nun tempo inferior a 30 minutos.

3. Identificación dos pacientes mediante lectura da tarxeta sanitaria. A identificación dos pacientes será dun 30% sobre os traslados programados coa orixe no domicilio destes. O peso deste criterio de facturación será dun 10% da parte variable.
4. Cumprimento dos protocolos establecidos para o transporte sanitario en cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada. Valorarase en función das



incidencias comunicadas pola Estrutura Organizativa de Xestión Integrada e terá un peso dun 10% na parte variable.

5. Mantemento en condicións óptimas do vehículo como do material dos mesmos. Valorarase en función das incidencias comunicadas pola Estrutura Organizativa de Xestión Integrada e terá un peso dun 10% da parte variable.

A tales efectos:

1. Considerárase hora de solicitude a hora que queda rexistrada na solicitude telemática. Como norma xeral todos os tempos solicitados serán os que queden rexistrados na aplicación TSNUX.
2. Sesión: cada unha das solicitudes ou número de citas para as que se autoriza o traslado en ambulancia. O número de sesións pode ser, única (unha soa cita) ou múltiple (máis dunha cita).
3. Servizo: inclúe os traxectos necesarios para realizar cada unha das sesións. Os servizos poden ser de un só traxecto (na maioría dos hospitalarios, un traxecto de ida) ou dous (na maioría dos ambulatorios cun traxecto de ida e outro de volta).
4. Traxecto: cada un dos desprazamentos realizados. Os traxectos poden ser de dous clases. Traxecto de ida dende a localización orixinaria do paciente (domicilio ou servizo hospitalario no que se atope) ata o centro sanitario de destino. Traxecto de volta, naqueles casos nos que unha vez prestada a asistencia requira o retorno ao orixe (domicilio ou centro sanitario emisor).

Os obxectivos dos criterios de calidade estableceranse polo Servizo Galego de Saúde e serán revisables con carácter bianual.

O Servizo Galego de Saúde emitirá trimestralmente un informe sobre a avaliación da calidade do servizo realizado pola empresa adxudicataria, que corresponde ao elemento variable do aboamento ao contratista recollido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Santiago de Compostela,



O Presidente do Servizo Galego de Saúde  
P.D (Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, Orde 05/07/2012)  
O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernandez-Campa García-Bernardo